

ACTA NUMERO ONCE CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE XULLO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día vintenove de xullo de dous mil réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Álvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perala**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D^a Sonia Rey Barros**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón**, -exceptuando **D^a Sonia Rey Barros** que se incorpora unha vez resolto o punto 2) dos incluídos na orde do día-, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, estando presente o Sr. Interventor, **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE MAIO DE 2000.

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria do día 27 de maio de 2000, que se aproba por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- CORPORACIÓN MUNICIPAL: TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA DONA SONIA REY BARROS.

Dáse conta da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor de dona Sonia Rey Barros como Concelleira electa deste Concello pola lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais de 13 de xuño de 1999, para cubri-lo posto vacante, por renuncia, de don José Benito Suárez Costa procedente da mesma candidatura, e ó non existir obstáculo algún para que poida tomar posesión do seu cargo, a señora Rey Barros acércase á Presidencia e coa man dereita sobre a Constitución "Jura por su conciencia y honor cumplir con fidelidad las obligaciones del cargo de Concejala del Ayuntamiento de Pontevedra, con lealtad al Rey y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado".

Cumpridas as formalidades regulamentarias a Concelleira

posesionada pasa a ocupar-lo seu escano formando parte do grupo municipal do Partido Popular.

Toma a palabra o señor Alcalde, manifestando que, en nome de toda a Corporación, lle dá a benvida ó Concello de Pontevedra.

Incorpórase á sesión D^a Sonia Rey Barros.

3.- EXPROPIACIONES: RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE EXPROPIACIÓN SOBRE DETERMINACIÓN DO PREZO XUSTO DAS FINCAS AFECTADAS POLO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DAS VÍAS PERIMETRAIS DE "A PARDA".

Dáse conta de resolución da Alcaldía de data 21 de xullo de 2000, do teor literal seguinte:

Vista la resolución del Jurado Provincial de Expropiación de Pontevedra, de 25 de abril de 2000, desestimando el recurso de reposición formulado por este Ayuntamiento contra las resoluciones del mismo Jurado relativas al justiprecio de las fincas números 1, propiedad de D. Fernando y D. Sindo Cuñarro Pintos, y 3 propiedad de D^a Mercedes Martínez Domínguez, expropiadas con motivo de las obras de "Urbanización de las calles perimetrales de la antigua prisión provincial de A Par-da".

Resultando que el Sr. Letrado-Asesor de este Excmo. Ayuntamiento informa sobre la procedencia de interponer recurso contencioso-administrativo contra la referida resolución.

Considerando que el art. 54-3 y 4) del Texto Refundido de Disposiciones en materia de Régimen Local, Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, dispone que los acuerdos para el ejercicio de acciones necesarias para la defensa de los bienes y derechos de las Entidades Locales deberán adoptarse previo dictamen de la Asesoría Jurídica, estándose en cuanto a la representación y defensa en juicio de las Entidades Locales a lo dispuesto en la Ley Orgánica del Poder Judicial, Ley 6/85, de 1 de junio, cuyo art. 447.2 encomienda a los Letrados que sirvan en los servicios jurídicos de dichas Administraciones Locales su representación y defensa en juicio, salvo que designen Abogado Colegiado que le defienda y Procurador que le represente.

Considerando que los artículos 21-1-k) y 22-2-j) de la Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local, atribuyen a la Alcaldía el ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa del Ayuntamiento en las materias de su competencia y, en caso de urgencia, en materias de competencia del Pleno, en este supuesto, dando cuenta al Pleno en la primera sesión que celebre, para su ratificación.

Atendiendo a lo expuesto esta Alcaldía, en ejercicio de sus atribuciones, teniendo en cuenta la urgencia en la adopción de este acuerdo, por finalizar el plazo de interposición del recurso contencioso-administrativo el 29 de julio de 2000.

Ha resuelto:

Interponer recurso contencioso-administrativo ante la Sala

del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, contra la resolución del Jurado Provincial de Expropiación de Pontevedra, de 25 de abril de 2000, desestimando el recurso de reposición formulado por este Ayuntamiento contra las resoluciones del mismo Jurado relativas al justiprecio de las fincas número 1, propiedad de D. Fernando y D. Sindo Cuñarro Pintos, y 3, propiedad de D^a Mercades Martínez Domínguez, expropiadas con motivo de las obras de "Urbanización de las calles primetrales de la antigua prisión provincial de A Parada", encomendando la representación de esta Administración Local al Procurador Don Víctor López-Riobóo y Batanero, bajo la dirección del Letrado-Asesor municipal Don Carlos Potel Lesquereux, dando cuenta al Pleno de la Corporación en la primera sesión que celebre, para su ratificación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda ratifica-la anterior resolución.

4.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDAS:

A) APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN EXECUTADAS NOS COLEXIOS PÚBLICOS CON RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DA DÉBEDA CONTRAÍDA.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, ó recoñecemento extrajudicial de débedas.

Aberto o debate, intervén don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que, independentemente de que este punto contemple catro apartados, para todos estes recoñecementos existe consignación orzamentaria e nalgún caso trátase de que ou ben se extraviou a factura ou que na medición das obras hai un exceso de unidades con relación ó proxecto, sen que este se cambie e sen que supere o 10% do orzamento ou, no seu caso, a continuación dunha asistencia técnica que xa foi contratada o ano 1995, entón o feito de que se traten no Pleno é como consecuencia da base 17-1 de execución dos orzamentos, na que se estipula que tódolos recoñecementos extrajudiciais de débedas teñen que vir a Pleno, na medida en que teñen consignación orzamentaria e que algunhas delas son de orzamentos cerrados.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, dicindo que va a votar a favor en los cuatro puntos que vienen a reconocimiento extrajudicial de deuda, pero quiere recordarle al señor González Carballo que eso aparece en las bases gracias a la enmienda presentada por el Partido Popular, porque el Bloque Nacionalista Galego lo omitía, aunque lo pedía siempre cuando era oposición y lo único que pediría es que esto no se convierta en una cosa habitual, pues se teme que en los próximos Plenos irán viniendo más paquetes de reconocimientos extrajudiciales de deuda, por tanto solicita que haya el máximo cuidado y que venga los mínimos posibles.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinada a liquidación presentada polo Arquitecto Técnico das obras de "REPARACIÓNS NOS COLEXIOS PÚBLICOS DO ANO 1999", resultan relevantes os seguintes

FEITOS:

1º.- A Comisión de Goberno en data 6 de setembro de 1999 adxudicou á empresa PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. -G.P.D. CONSTRUCCIONES-, a execución das obras de "REPARACIÓNS NOS COLEXIOS PÚBLICOS 1999" no prezo de 10.356.103 pta IVE incluído, formalizándose en documento administrativo o día 5 de outubro de 1999.

2º.- Pola dirección facultativa das obras se expediron a favor da contrata dous certificacións de obra, as cales están aprobadas por Resolución da Alcaldía, ascendendo o total da obra certificada a 10.228.510 pesetas.

3º.- En maio de 2000 polo Arquitecto Técnico entrégase a liquidación das obras de "REPARACIÓNS NOS COLEXIOS PÚBLICOS DO ANO 1999" resultando un saldo a favor do contratista de 1.162.914 pesetas, incremento producido polas variacións xurdidas nas medicións previstas no proxecto orixinal, tal e como se contempla no orzamento comparativo incorporado ó expediente.

4º.- A liquidación redactada polo Arquitecto Técnico está composta de memoria, acta de recepción da obra, medicións, orzamento da obra realmente executada, orzamento comparativo, saldo da liquidación, certificacións expedidas á contrata e resumen xeral da obra que falta por certificar, resultando que o incremento respecto ó orzamento primitivo aprobado é dun 9,99%.

5º.- Pola Intervención Xeral se emite informe no que indica "... Que de conformidade co artigo 102.1 da Lei 13/95, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, o órgano de contratación unha vez perfeccionado o contrato, só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.= O artigo 146.3 da Lei 13/95 regula-las actuacións a seguir cando o director facultativo das obras considere necesaria unha modificación do proxecto, establecendo que deberán aprobarse polo órgano de contratación os gastos complementarios precisos.= Así mesmo sinalar que de conformidade cos artigos 11.2.g) e art. 68.2 da Lei 13/95 deberá procederse á fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico relativos ós contratos.= De acordo co exposto resulta que de conformidade coas disposicións legais aplicables ó suposto, debería haberse tramitado un proxecto modificado que contemplara as necesidades novas; procedéndose á fiscalización e autorización do gasto con carácter previo á execución das modificacións, e non a posteriori como acontece neste expediente.= O importe que restaba por certificar, 127.593 ptas. poderá ser contabilizado con cargo ó AD nº 2000-7479 da Partida 005-422.212.00S do orzamento de 2000.= O saldo de liquidación, 1.035.321 ptas., deberá ser obxecto de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno de conformidade coa Base

17.1ª de Execución, xa que no momento de executa-las variacións non existía a oportuna autorización do gasto e se obviou a tramitación legal establecida.= De producirse o recoñecemento extraxudicial da débeda, o seu importe poderá sufragarse con cargo ó crédito dispoñible da Partida 005-422.212.00 do Orzamento de 2000, contabilizándose a operación RC nº 2000-10.992 polo citado importe.= Sinalar que a Lei non permite a incorporación do remanente de crédito resultante na Partida 005-422.212.00 do Orzamento de 1999".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- A disposición transitoria única da Lei 53/99, pola que se modifica a Lei 13/95 de contratos das Administracións Públicas establece que os expedientes de contratación iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Le se rexerán pola normativa anterior, polo que é de aplicación o disposto na Lei 13/95.

II.- A Lei 13/95 de maio de contratos das Administracións Públicas dispón no seu artigo 148 que dentro do prazo de seis meses, a contar dende a data da acta de recepción deberá acordarse e ser notificada ó contratista a liquidación correspondente e abonárselle o saldo resultante, en seu caso.

III.- O artigo 148 da Lei 13/95 e 176 do Regulamento xeral de contratos do Estado dispón que unha vez asinada a acta de recepción das obras (antes recepción definitiva) debe de acordarse a liquidación das obras abonándosele ó contratista o saldo resultante. A cláusula 28 do prego establece que o técnico director formulará a liquidación da obra, debendo abonarse o saldo resultante no seu caso ó contratista, aplicando ó resultado da medición xeral os prezos e medicións do contrato.

IV.- O Prego de cláusulas xerais para o contrato de obra, que resulta de aplicación no que non contradiga o disposto na Lei 13/95 (disposición transitoria 8ª), na súa cláusula 62 establece que as modificacións que durante a correcta execución das obras se produzan, unicamente pola variación do número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas cubricións do proxecto, poderán ser recollidas na liquidación, sempre que non representen incremento do gasto superior ó 10% do prezo do contrato. Na liquidación das obras de "REPARACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DO AÑO 1999" introdúcense aumentos por incremento das unidades de obra e no por inclusión de obra nova. Como consecuencia dos aumentos nas unidades de obra resulta un saldo a favor da contrata de 1.162.914 ptas., saldo inferior ó 10% do orzamento da obra que o prego de cláusulas xerais para o contrato de obra permitía que se incluíse na liquidación, incluíndose neste saldo a cantidade de 127.593 pta que resta por certificar.

V.- Na liquidación da obra consta un acta de recepción subscrita o 30 de abril de 2000 polo Arquitecto Técnico municipal e don Antonio Sanin Vilar en nome e representación da empresa PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A., na que se pon de manifesto que as obras se encontran en bo estado e de conformidade co previsto no proxecto, prego de condicións e contrato das mesmas.

VI.- Tendo en conta o disposto no artigo 146.3 da Lei 13/95 as modificacións do proxecto deberán aprobarse polo órgano de contratación, autorizando os gastos complementarios precisos. Así mesmo o artigo 11.2-g) e o 68.2 da Lei 13/95 establece que deberá procederse á fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico relativos ós contratos, polo que se autorizou un gasto e se adxudicaron unhas obras sen seguir o procedemento legalmente establecido, polo que estando executadas as mesmas e supoñer un beneficio para esta Administración o procedemento a seguir será o recoñecemento extraxudicial da débeda.

VII.- A competencia para a resolución deste procedemento está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido en el Real decreto 500/90 e Base 17 das de execución do orzamento de 2000.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezanove concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Ordena-lo pago da cantidade de 127.593 pesetas que restaba por certificar do importe da adxudicación do contrato, financiándose con cargo á Partida 005-422.21200S do orzamento de 2000 (AD nº 2000-7479), á empresa PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A., debendo esta presenta-la factura correspondente a este importe cos requisitos regulamentariamente esixidos.

SEGUNDO.- Aprobala liquidación do orzamento para as obras de "reparacións nos colexios públicos do ano 1999", elaborada polo Arquitecto municipal cun saldo resultante a favor do contratista de 1.035.321 pesetas, con recoñecemento extraxudicial da débeda contraída por este Concello, quedando autorizado o gasto que se financiará con cargo ó crédito dispoñible da partida 005-422.212.00 do orzamento de 2000 (RC nº 2000-10992), ordenando o seu pago a empresa PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A., con cargo á mencionada partida, debendo esta presenta-la factura correspondente a este importe cos requisitos regulamentariamente esixidos.

B) APROBACIÓN DE FACTURA POR SERVICIOS CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DE XARDÍNS CON RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDA.

Examinada a factura núm. 22041/99 de data 31-07-99 expedida pola empresa PILSA, correspondente á prestación do servizo de CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DE DETERMINADAS ZONAS AXARDINADAS DO MUNICIPIO, durante o mes de xullo do ano 1999, por importe de 1.939.823 ptas, IVE incluído, resultan relevantes os seguintes

FEITOS:

1º.- Por acordo do Pleno da Corporación de data 24 de setembro do 1998, adxudicouse á empresa PILSA, S.A. o "MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DE DETERMINADAS ZONAS AXARDINADAS DO MUNICIPIO DE PONTEVEDRA", de conformidade coa oferta presentada por

ser a que maior puntuación obtivo de acordo cos criterios de selección establecidos no prego único refundido, cunha duración da concesión de catro anos e un canon de 23.277.877 pta anuais I.V.E. incluído, formalizándose en documento administrativo o día 23 de novembro do 1998.

2º.- A empresa PILSA, S.A. presenta a factura núm. 22041/99 de data 31-07-99, correspondente á prestación do servizo de CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE DETERMINADAS ZONAS AXARDINADAS DO MUNICIPIO, durante o mes de xullo do actual, por importe de 1.939.823 ptas, sendo conformada polo Sr. Arquitecto municipal, presentando a empresa os boletíns mensuais de cotización á Seguridade Social.

3º.- A Intervención Xeral en data 15 de xuño deste ano infórmase "... Que de conformidade co disposto na cláusula 17ª do Prego de cláusulas Administrativas Particulares que regulan esta contratación aportarase a seguinte documentación: A factura correspondente ó mes de Xullo conformada polo Arquitecto municipal.

O documento que acredita a presenza do persoal e os horarios polos que se factura, conformado polo Arquitecto municipal.

Os boletíns mensuais de cotización á Seguridade Social do persoal que efectivamente prestou os seus servizos no período anterior ó da facturación.

Por parte desta Intervención lémbrese que o contratista sempre que proceda a realizar calquera variación no persoal que empregue, deberá presentar copia dos contratos de traballo debidamente visados polo INEM nos que se amosen as devanditas variacións.= A factura orixinal extraviouse no seu momento polo que solicitouse á empresa o envío dun duplicado.= Ante a imposibilidade de recupera-los partes de traballo, esta Intervención estima que o conforme prestado polo Arquitecto Municipal o duplicado da factura suple tal requisito.= Xa que os servizos facturados se prestaron no exercicio anterior, a aprobación da factura deberá facerse mediante recoñecemento extraxudicial, que de conformidade coa Base 17.1ª das de Execución do Orzamento de 2000 correspóndelle ó Pleno.= De aprobarse a factura, o seu importe contabilizarase con cargo ó AD nº 2000-7426 da Partida 016-434.227.06S do Orzamento de 2000".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co establecido na cláusula 2ª do contrato administrativo de adxudicación do "SERVICIO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE DETERMINADAS ZONAS AXARDINADAS DO MUNICIPIO", suscrito o 23 de novembro do 1998 entre este Concello e a empresa PILSA, a retribución económica do concesionario será de 23.277.877 ptas., anuais, IVE incluído. O pago do prezo do contrato efectuarase mensualmente previa presentación polo contratista da factura correspondente ó mes vencido, á que deberá prestar conformidade o xefe responsable do servizo, debendo achegar a documentación esixida na cláusula 17ª do Prego de cláusulas administrativas particulares.

II.- Que a competencia para a aprobación desta factura corresponde ó Pleno da Corporación de conformidade coa Base 17.1

das de execución do orzamento de 2000 e Real decreto 500/90 tendo en conta que os servizos facturados se prestaron no exercicio anterior, debendo procederse o recoñecemento extraxudicial da débeda contraída coa empresa PILSA

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezanove concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación á factura núm. 22041/99 de data 31 de xullo de 1999 expedida pola empresa PILSA, S.A., correspondente á prestación do servizo de CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE DETERMINADAS ZONAS AXARDINADAS DO MUNICIPIO, durante o mes de xullo do ano 1999, por importe de 1.939.823 ptas, con recoñecemento extraxudicial da débeda, ordenando o seu pago con cargo á Partida 016-434.227.06S do Orzamento de 2000, (AD núm. 2000-7426).

C) APROBACIÓN DE FACTURA POR TRABALLOS TOPOGRÁFICOS REALIZADOS PARA A DELIMITACIÓN DE EQUIPAMENTOS ESCOLARES CON RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDA.

Examinado o procedemento tramitado para a realización dos traballos de "levantamento topográfico para delimitación do solo de equipamento escolar", por importe de 122.500 ptas, IVE incluído, resultan relevantes os seguintes

FEITOS:

1º.- Polo Sr. Arquitecto xefe da OXDU formulase proposta para a contratación da asistencia técnica para o "levantamento topográfico para delimitación do solo de equipamento escolar", achegando orzamento do topógrafo don Antonio Cubas Rodríguez, por importe de 125.000 pesetas, sen I.V.E., e informando que con motivo do trámite de avenencia ou expropiación e no seu caso modificación puntual do PXOU para recualificar terreos para equipamento escolar, co fin de obter os terreos precisos para os accesos e acondicionamento do entorno do grupo escolar e pavillón de Lérez, precisase efectuar levantamento topográfico no que se reflicten as diversas finas e bens afectados pola posible expropiación e delimitación, servindo simultaneamente para proxecta-las obras de peche e condicionamento.

2º.- Pola Intervención xeral en informe emitido o 11 de maio do actual solicitase do Sr. Arquitecto xefe da OXDU, autor da proposta, a xustificación da insuficiencia ou falta de adecuación dos medios persoais con que conta a Administración para cubri-las necesidades que se trata de satisfacer a través do contrato, o que o Sr. arquitecto xefe da OXDU informa "En la fecha en que se solicitó la contratación del técnico en topografía, el topógrafo municipal llevaba poco tiempo incorporado y los aparatos necesarios para su trabajo apenas llevaban dos meses entregados, lo que unido a los varios años en que se estaba sin este tipo de técnico en el ayuntamiento y por lo tanto el trabajo acumulado, la falta de personal auxiliar que tenía (y tiene) que prácticamente había que conseguir (y todavía persiste la situación) a salto de mata y la premura con

que se solicitaba la evaluación económica al técnico que suscribe para ver si era posible realizar la expropiación con la cantidad que quedaba disponible en el presupuesto, se consultó con el Sr. Alcalde sobre si se podía esperar a que el topógrafo municipal lo realizase o si para acelerar el trabajo se podría disponer de una asistencia técnica.= Ante la urgencia, la Alcaldía ordenó al técnico que suscribe que realizase las gestiones para conseguir el documento técnico preciso para realizar la valoración”.

3°.- Pola intervención xeral, en data 8 de xuño de 2000, emítase o seguinte informe “...1. Que o 24 de maio de 2000 o Arquitecto Xefe do Servicio emite o informe solicitado por esta Intervención no que xustifica a necesidade de proceder a contratación desta asistencia técnica.= 2. Do contido do informe dedúcese que os traballos xa se realizaron polo que deberá procederse ó recoñecemento extraxudicial do crédito polo Pleno, de conformidade coa Base 17ª.1 de Execución do Orzamento de 2000.= 3. Que no Estado de Gastos do Orzamento de 2000 procedeuse á contabilización da operación RC nº 2000-9660 na Partida 013-511.22706 por importe de 145.000 ptas.”

4°.- Don Antonio Cubas Rodríguez presenta factura nº 00/037 de data 27 de xuño de 2000 pola realización dos traballos de “levantamento topográfico para delimitación do solo de equipamento escolar”, por un importe de 122.500 ptas., I.V.E. incluído.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Do anteriormente exposto dedúcese que a asistencia técnica foi realizada sen axustarse os trámites esenciais do procedemento da contratación administrativa, especialmente o que se refire á adxudicación e ó procedemento de autorización do gasto, non estando a adxudicación verbal admitida no dereito administrativo de conformidade co establecido no artº no artº 56 da lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas, salvo nos casos nos que o contrato teña carácter de emerxencia.

II.- Que os traballos executados supuxeron un beneficio para o Concello, polo que de non abonarse ó topógrafo a factura polos traballos realizados suporía un enriquecemento indebido para esta Administración municipal, que ven obrigada a restablecer o equilibrio económico abonando a don Antonio Cubas Rodríguez a cantidade debida polos traballos, non sendo imputable á mesma a ausencia dos trámites legais na adxudicación da asistencia técnica. Este enriquecemento inxusto foi recollido de forma reiterada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo (sentencia 12.1.43,2.5.60,12.3.64 e 22.1.75), que o establece como un principio de noso ordenamento xurídico, mediante a técnica civilística da causación que supón a existencia dun enriquecemento inxusto co conseguinte empobrecemento no patrimonio de outro suxeito así como unha relación de causalidade do desprazamento patrimonial, debéndose restablecer o equilibrio económico para evitar o enriquecemento inxustificable da Administración municipal.

III.- Que estando obrigado o Concello a restablecer o

equilibrio económico, para que non se produza un enriquecemento inxusto, o procedemento normal sería o recoñecemento extraxudicial da débeda, de conformidade co establecido no artº 60 do Real Decreto 500/90.

IV.- Que a competencia para a aprobación desta factura corresponde ó Pleno da Corporación de conformidade coa Base 17.1 das de execución do orzamento de 2000 e Real decreto 500/90 tendo en conta que os traballos facturados xa se realizaron, debendo procederse o recoñecemento extraxudicial da débeda contraída con don Antonio Cubas Rodríguez.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezanove concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación á factura núm. 00/037 de data 27 de xuño de 2000 expedida por don Antonio Cubas Rodríguez correspondente a realización dos traballos de "levantamento topográfico para delimitación do solo de equipamento escolar", por importe de 122.500 pesetas, I.V.E. incluído, con recoñecemento extraxudicial da débeda, ordenando o seu pago con cargo á Partida 013-511.22706 do Orzamento de 2000, (RC núm. 2000-9660).

D) APROBACIÓN DE FACTURA POR TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN, TRAMITACIÓN E TRATAMIENTO INFORMÁTICO PARA INCLUSIÓN DE FINCAS URBANAS NO PADRÓN DO IBI, CON RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDA.

Examinado el expediente referido a la "TRAMITACIÓN, INVESTIGACIÓN, VALORACIÓN E INCLUSIÓN EN EL PADRÓN DEL IMPUESTO SOBRE BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA DE LAS ALTAS PRESENTADAS POR LOS CONTRIBUYENTES", son relevantes para la resolución del mismo los siguientes

HECHOS:

1º.- Por Resolución de la Alcaldía de fecha 11 de diciembre de 1995, se acordó prestar aprobación al expediente y en consecuencia al pliego de cláusulas administrativas particulares para la "TRAMITACIÓN, VALORACIÓN E INCLUSIÓN EN EL PADRÓN DEL IMPUESTO DE BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA DE LAS ALTAS PRESENTADAS POR LOS CONTRIBUYENTES", con un presupuesto máximo por importe de 2.000.000 pts, fijándose en la cantidad de 2.600 pts por unidad urbana/contribuyente pendiente de alta presentada ante el Centro de Gestión Catastral y su entrada en tributación, quedando autorizado el gasto que será financiado con cargo a la Partida 001-511.22706 del Presupuesto de 1998.

2º.- Por Resolución de la Alcaldía de 10 de enero de 1996 se adjudicó definitivamente la contratación administrativa de los trabajos de asistencia técnica para la TRAMITACION, INVESTIGACION, VALORACION E INCLUSION EN EL PADRON DEL IMPUESTO SOBRE BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA DE LAS ALTAS PRESENTADAS POR LOS CONTRIBUYENTES, con la limitación del precio por unidad y cuantía total del contrato.

3º.- El día 16 de agosto de 1996, por Resolución de la Al-

caldía, se adjudicó a la empresa OTINCA un nuevo contrato para la TRAMITACION, INVESTIGACION, VALORACION E INCLUSION EN EL PADRON DEL IMPUESTO SOBRE BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA DE LAS ALTAS PRESENTADAS POR LOS CONTRIBUYENTES, en el precio de 2.550 pts unidad de contribuyente, y un presupuesto máximo de 2.000.000 pts.

4°.- El día 21 de marzo se aprobó la factura correspondiente al segundo contrato, por importe de 2.363.213, presentándose posteriormente facturas correspondientes a la liquidación y a nuevas altas, excediéndose tanto en el tiempo como en el presupuesto, ya que se había establecido un presupuesto máximo de 2.000.000 de pesetas y un plazo de ejecución de los trabajos de tres meses, presentándose por la empresa OTINCA varias facturas por nuevas altas en el padrón de I.B.I. que fueron aprobadas por la Alcaldía, reconociendo extrajudicialmente la deuda ya que el procedimiento para la contratación de los trabajos no se ajustó al legalmente establecido.

5°.- El 28 de enero de 2000 con número de Registro de Entrada 2.354 la empresa OTINCA presentó en el Registro General del Ayuntamiento una nueva liquidación de factura de los trabajos técnicos para la inclusión en el padrón del I.B.I. de 523 unidades por un importe de 1.317.000 pts, factura que fue aprobada, con reconocimiento extrajudicial de la deuda, por resolución de la Alcaldía de 22 de febrero de 2000.

6°.- Con fecha de 16 de mayo del actual la empresa OTINCA presento en el Registro General, con el número 14.735, factura correspondiente a la inclusión en el padrón del IBI de 835 unidades por importe de 1.985.775 ptas, informándose por el Jefe del Servicio de gestión e inspección tributaria que " las 835 unidades a que se refiere la factura figuran en el censo remitida por la Gerencia del Catastro, a los efectos del padrón del IBI de naturaleza urbana del ejercicio 2000 a excepción del 62.B de la calle Salvador Moreno.= Se remitieron acuerdos por la Gerencia Territorial del Catastro de las unidades urbanas subrayadas en fosforito.= Estas unidades urbanas no han sido liquidadas.

7°.- Por la Intervención General del Ayuntamiento se emite informe en el que se señala que para afrontar el gasto de 1.985.775 pts existe crédito disponible en la Partida 001-511.22706 del Presupuesto de 2000, contabilizándose la operación RC nº 2000-12.915 por el citado importe.

8°.- Por el Servicio de Contratación se emitió informe en el que se indica que se reitera en el contenido de todos los informes emitidos con motivo de anteriores facturas presentadas por OTINCA significando que "deberán adoptarse las medidas oportunas al objeto de evitar esta situación de ilegalidad (adjudicación verbal, fraccionamiento de contrato, transgresión de los principios fundamentales de la contratación pública: libertad de concurrencia y publicidad, incumplimiento del procedimiento legalmente establecido para la autorización y disposición de gastos...) y, en el supuesto de que continúe la necesidad de realizar trabajos técnicos para la inclusión en el Padrón del I.B.I. de nuevas altas, se efectúe la correspon-

diente propuesta tramitándose el procedimiento de acuerdo con la normativa aplicable. En relación con la factura presentada por la empresa OTINCA, si lo estima conveniente, podría ser aprobada, reconociendo extrajudicialmente la deuda, teniendo en cuenta que está probado en el expediente que la empresa realizó los trabajos objeto de la factura", dándose traslado del informe al Sr. Teniente de Alcalde delegado del área de generación y gestión de recursos, proponiéndose por esa Tenencia de Alcaldía la aprobación de la factura presentada por la empresa OTINCA, S.L.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS:

I.- De lo anteriormente expuesto se deduce que la asistencia técnica fue realizada sin ajustarse a los trámites esenciales del procedimiento de la contratación administrativa, especialmente lo que se refiere a la adjudicación y al procedimiento de autorización del gasto, no estando la adjudicación verbal admitida en el derecho administrativo de conformidad con lo establecido en el artº 55 del Real Decreto Legislativo 2/00 de 16 de junio, salvo en los casos en que el contrato tenga carácter de emergencia, ...vulnerándose además lo establecido en el artº 68 del R.D.L. 2/00., ya que la factura presentada, junto con las anteriormente aprobadas ha supuesto un incremento sobre lo inicialmente presupuestado y adjudicado, por lo que de conformidad con lo establecido en el artº 210 del citado cuerpo legal, debería de haberse adjudicado el contrato mediante procedimiento negociado sin publicidad o concurso.

II.- Que de conformidad con lo establecido, en el art. 68 del Real Decreto Legislativo 2/00 no podrá fraccionarse un contrato con objeto de disminuir la cuantía del mismo, debiendo abarcar el expediente la totalidad del objeto del contrato, no obstante cuando el objeto admita fraccionamiento, justificándolo debidamente en el expediente, podrá preverse en el mismo la realización independiente de cada una de sus partes, pudiendo celebrarse un solo contrato para la adjudicación de las mismas si el contenido fuese sustancialmente idéntico. En el presente expediente se ha producido un fraccionamiento del contrato, si bien el objeto del mismo es idéntico.

III.- Que los trabajos ejecutados han supuesto un beneficio para el Ayuntamiento, ya que supone un grave perjuicio económico al dejar de ingresar las cuotas atrasadas por no estar incluidas las fincas en el Padrón de Bienes Inmuebles de Naturaleza Urbana mediante las altas presentadas por los contribuyentes en el Centro de Gestión Catastral, por lo que de no abonarse al contratista la factura por los trabajos realizados supondría un enriquecimiento indebido para esta Administración municipal, que viene obligada a restablecer el equilibrio económico abonando a OTINCA S.L. la cantidad debida por los trabajos ejecutados, no siendo imputable a la misma la ausencia de los trámites legales en la adjudicación de los citados trabajos. Este enriquecimiento injusto ha sido recogido de forma reiterada por la jurisprudencia del Tribunal Supremo (Sentencia 12.1.43, 2.5.60, 12.3.64 y 22.1.75), que lo esta-

blece como un principio de nuestro ordenamiento jurídico, mediante la técnica civilística de la causación que supone la existencia de un enriquecimiento injusto con el consiguiente empobrecimiento en el patrimonio de otro sujeto así como una relación de causalidad del desplazamiento patrimonial, debiéndose restablecer el equilibrio económico para evitar el enriquecimiento injustificado de la Administración municipal.

IV.- Que estando obligado el Ayuntamiento a restablecer el equilibrio económico, para que no se produzca un enriquecimiento injusto, el procedimiento normal sería el reconocimiento extrajudicial de la deuda, por la Alcaldía en el caso ya que existe dotación presupuestaria, de conformidad con lo establecido en el artº 60 del Real Decreto 500/90.

V.- Que es competencia del Pleno la resolución, de conformidad con lo dispuesto en el artº 60 del R.D 500/90, y base 17.1 de las de ejecución del presupuesto de 2000

El Pleno de la Corporación, por mayoría, con el voto favorable de diecinueve Concejales (los 10 del grupo municipal del Bloque Nacionalista Gallego y los 9 presentes del grupo municipal del Partido Popular) y con la abstención de cinco Concejales (los 5 del grupo municipal del Partido de los Socialistas de Galicia-PSOE), y de conformidad con el dictamen de la Comisión Informativa Permanente de Economía, Hacienda y Patrimonio, acuerda prestar aprobación a la factura número 210 de fecha 2 de mayo de 2000 por importe de 1.985.775 pts presentada por la empresa OTINCA, S.L., correspondiente a la "TRAMITACIÓN, INVESTIGACIÓN, VALORACIÓN E INCLUSIÓN EN EL PADRON DEL IMPUESTO SOBRE BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA DE LAS ALTAS PRESENTADAS POR LOS CONTRIBUYENTES", con reconocimiento extrajudicial de la deuda contraída por este Ayuntamiento con la empresa OTINCA, S.L., ordenando su pago a dicha empresa con cargo a la Partida 001.511.22706 del Presupuesto de 2000 (RC nº 2000-12.915).

5.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO DE AUTO-TAXIS: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS E, DE SE-LO CASO, APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Municipal de Réxime Interior e Persoal á resolución das alegacións presentadas no período de información pública e á aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora do Servicio de Auto-Taxis.

Seguidamente dáse conta da emenda presentada polo Concelleiro don Raimundo González Carballo, delegado de tráfico, relativa á modificación do artigo 14 que é aceptada por unanimidade do Pleno da Corporación.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que a emenda é con relación á redacción do artigo 14 da ordenanza, no que se modifica o último apartado e quedaría nos seguintes termos: "Os vehículos do servicio de auto-taxis levarán a carrocería pintada de cor branca. Nas portas dianteiras, ademais do número, levarán o escudo do Concello de Pontevedra que terá unhas dimensións

de 20 centímetros de alto e a palabra "PONTEVEDRA" debaixo do escudo sobre unha prancha de fondo branco, superposto á franxa azul horizontal que se manterá só nas citadas portas ", quére-se dicir que se mantén a franxa actual e pensa que con isto hai acordo de tódolos grupos políticos.

A continuación intervén don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que aínda que a primeira aprobación desta ordenanza como proxecto xa foi feita polo Pleno, é certo, tal como se desprendía das palabras do señor González Carballo, que houbo unha vontade de asumir todo o que parecera asumible; esta é unha ordenanza que se empeza a valorar no mes de abril, ou sexa que foi relativamente lenta, e desde o ano 1966 non se modificara, quere dicir con isto que é unha ordenanza enfarragosa e entende que cando nas ordenanzas, que ó final son as leis municipais, se intenta aquilatar todo, ás veces se aquilatan tanto as cousas e hai tantas visións particulares que, como pasou con esta ordenanza, non se resolve o tema e non hai forma de aprobalas, porque sempre haberá alguén que pense que o escudo pode ter centímetro máis ou menos, a franxa un ton de color azul máis escuro ou máis claro e entón non se dá saído de atranco e por cuestións que se poden considerar anecdóticas en canto ó tema de regula-la forma de funcionamento do servicio de autotaxi, podíase estar indefinidamente discutindo se o escudo ía 3 centímetros arriba ou abaixo; de tódolos xeito non quere desaproveita-la ocasión para dicir que, agora que a ordenanza ten o trámite corporativo aprobado e que vai para adiante, hai que dar conta da segunda parte das reivindicacións do sector profesional, pois polas opinións que ten recollido dos colectivos de xente relacionada co mundo do autotaxi, hai unha serie de temas, como é que se ofreceron de forma voluntaria a que os taxis de Pontevedra actúen como axentes turísticos do Concello, o que significa que haberá que lles por a disposición algúns folletos de propaganda turística do Concello e algún tipo de material para que poidan converterse en tales axentes turísticos, hai tamén un problema que ven derivado do emprazamento das paradas, que na propia ordenanza se explicita como se vai actuar neste tema, pero tan pronto a ordenanza estea aprobada definitivamente, publicada e sexa texto de lei haberá que empezar a desenvolver parte dos seus contidos, que é o traballo que neste momento entende que queda por facer, para articular dunha forma máis estable ó sector.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, dicindo que este fue un parto realmente difícil, pero cree que al final fue un parto feliz, decía el señor Santiago Esperón que se está tratando desde el mes de abril, pero diría que desde el mes de abril de 1996 o 1997, aunque no cabe duda que al final se ha aprobado por unanimidad y han merecido la pena todas las distintas reuniones; lo que quiere apuntar, para que sirva de experiencia en otras negociaciones de este tipo, es que la reunión se haga con las asociaciones que haya y con los tres

grupos políticos y que no se anden con reuniones por fuera cada asociación con cada grupo político, pues al final las cuestiones cuando llegan a la Comisión cada uno lo ve de una forma distinta no hay posibilidad de aclararse; finalmente ayer a última hora de la mañana fue cuando se logró consensuar el tema de la franja con su escudo y parece que a gusto de todos, y evidentemente el Partido Popular se abstuvo en esa Comisión porque no había ese acuerdo, prueba de ello es que ayer mismo se modificó, por tanto ahora votarán a favor.

De novo intervén o señor González Carballo dicindo que evidentemente a franxa foi a que creou máis lea, pero de todas maneiras as cuestións que se presentaron veñen agora determinadas maioritariamente na propia ordenanza, por tanto hai que esperar a súa aprobación hoxe en Pleno, despois á publicación e posta en vigor e a partir de aí é cando se poden abordar temas relativos a paradas que veñen establecidas na propia ordenanza e as cuestións, como pode ser o tema da publicidade turística, xa se están a tratar, por tanto pensa que están absolutamente todos de acordo.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente incoado para a aprobación da Ordenanza reguladora do Servicio de Auto-Taxis.

RESULTANDO acreditados os seguintes

FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 29 de abril de 2000, aprobou, con carácter inicial, a citada Ordenanza Municipal, dispoñéndose tamén no devandito acto administrativo o seu sometemento a información pública polo período de trinta días hábiles a efecto de reclamacións e suxestións.

2º.- Que en cumprimento do disposto no devandito acordo plenario publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 101 de data 29 de maio, e que nos trinta días hábiles seguintes o da publicación, segundo consta na certificación expedida pola Secretaría Xeral, presentáronse alegacións pola Asociación de Autopatronos de Pontevedra, por don Carlos Olañeta Couselo e pola Asociación de Taxistas de Pontevedra PONTAX.

3º.- Que a Comisión informativa municipal de Réxime Interior e Persoal, na sesión que tivo lugar o día 26 de xullo de 2000, por maioría, e coas modificacións introducidas ós artigos 13.4, 14, 28, 44.h) e 51.p) consecuencia das alegacións presentadas, emitiu dictame favorable á aprobación definitiva da ordenanza.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Reitéranse os fundamentos xurídicos que motivaron o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 29 de abril de 2000.

II.- A competencia para a resolución de alegacións e aprobación das Ordenanzas está atribuída o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 22.d) da Lei 7/1985, na redacción conferida pola Lei 11/1999, de 21 de abril, e

art. 64.2.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 50.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, previo dictame da Comisión Informativa correspondente, en función do disposto no artigo 123 do R.O.F.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa municipal de Réxime Interior e Persoal, acorda:

PRIMEIRO.- Resolve-las alegacións formuladas durante a fase de información pública do presente procedemento de aprobación da Ordenanza municipal reguladora do Servicio de Auto-Taxis, no sentido seguinte:

a) Estima-la alegación feita pola Delegación Local de Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra referida ós seguintes artigos: A) artigo 28: Engadir un apartado co seguinte texto: " O turno de saída dos auto-taxis para a prestación dun servicio será por rigoroso orden de chegada a parada". B) artigo 44 engadir un apartado máis nos seguintes termos: h) Non ter sido condenado por sentenza firme en delitos dolosos con pena igual ou superior a de prisión menor".

b) Estima-la alegación feita por don Carlos Olañeta Couselo ó artigo 51.p) engadindo o seguinte texto:" sen causa xustificada".

c) Estimar parcialmente a alegación feita pola Asociación de Taxistas de Pontevedra (PONTAX) redactando o artigos 13.4 do seguinte xeito: "Nas portas dianteiras levarán o escudo do Concello de Pontevedra e unha franxa azul horizontal coas dimensións e características que se sinalan no artigo 14".

d) Desestima-las outras alegacións feitas pola Delegación Local de Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra e don Carlos Olañeta Couselo por entender que se teñen recollidas na aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servicio ou ben están recollidas no Regulamento nacional dos servicios urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros que resulta de aplicación, ou ben limítanse a expresar desexos dos alegantes que se estima non son atendibles e, polo tanto, non se incorporan ó texto da Ordenanza.

SEGUNDO.- Modifica-lo artigo 14 "A cor dos auto-taxis", de conformidade coa emenda aceptada por este Pleno, no sentido de que os vehículos do servicio de auto-taxis levarán a carrocería pintada da cor branca. Nas portas dianteiras, ademais do número, levarán o escudo do Concello de Pontevedra que terá unhas dimensións de 20 centímetros de alto e a palabra "PONTEVEDRA" debaixo do escudo sobre unha prancha de fondo branco, superposto á franxa azul horizontal que se manterá só nas citadas portas.

TERCEIRO.- Prestar aprobación definitiva ó texto íntegro da Ordenanza Municipal modificada reguladora do Servicio de Auto-Taxis que consta de Exposición de Motivos, 58 artigos, 1 disposición transitoria, 1 adicional e 1 final.

CUARTO.- Dispoñe-la publicación do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor, nos termos da lexislación de réxime local, con comunicación á Ad-

ministración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO.- O texto integro da Ordenanza modificada, aprobado definitivamente, é o seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Pontevedra por acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 31 de xaneiro de 1966 prestou aprobación ó "Regulamento municipal dos servicios urbanos de transportes en automóbiles lixeiros", sendo modificado por acordos plenarios coas datas: 30 de maio de 1969, sobre autorización ós conductores de vehículos auto-taxis para cubrir unha parada baleira, regulando a parada da estación de ferrocarril e a prestación de servicios nocturnos diante da Casa Consistorial; acordo de 29 de xuño de 1978 relativo á autorización para cubri-las paradas baleiras de auto-taxis, e acordo plenario de 30 de outubro de 1980 sobre cambio da cor dos vehículos auto-taxis.

O Regulamento nacional dos servicios urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, que vén a derrogar a Orde de 4 de novembro de 1964 que regulaba estes servicios, na súa disposición transitoria primeira dispón que as actuais Ordenanzas locais que regulan o servicio de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros adaptaranse no prazo de seis meses a contar da publicación do presente Regulamento.

A Constitución Española de 1978, a Lei 16/1987, do 30 de xullo, coas modificacións contidas na Sentencia do Tribunal Constitucional 118/1996, do 27 de xuño, o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres aprobado por Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, así como o Regulamento Nacional (763/79), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local coas modificacións posteriores, fundamentalmente a Lei 4/1997, do 10 de xaneiro, que da lugar á publicación do Real Decreto 2612/1996, do 20 de decembro, que modifica o Regulamento de Poboación e demarcación territorial das entidades locais, veñen a introducir modificacións substanciais nos requisitos e nas formas de prestación dos servicios de transportes que aconsellan unha nova regulación municipal.

Coa presente Ordenanza preténdese dar debido cumprimento ó disposto nas devanditas normas e tentar resolver os problemas que se teñen presentado no desenvolvemento da prestación diaria dos servicios de transporte urbano en automóbiles lixeiros, deixando a regulación das outras formas de prestación de servicios de transporte urbano e transportes especiais (funerario e sanitario) ás normas contidas na lexislación autonómica e estatal.

Tampouco se regulan outras formas asociativas de prestación dos servicios, por entender que aínda non é o momento axeitado para isto, entendendo que deberá ser o Pleno da corporación quen decida, de se-lo caso, sobre as posibles solicitudes.

CAPÍTULO I.- OBXECTO DA ORDENANZA MUNICIPAL
ARTIGO 1 COMPETENCIA

1. O Concello de Pontevedra no uso das facultades propias da súa competencia sinaladas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes, Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, que proba o Regulamento da Lei da Ordenación dos Transportes e Disposición transitoria primeira do Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros aprobado polo Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, pola presente procede á regulación do servizo de auto-taxis dentro do seu termo municipal.

2. Considéranse auto-taxis os vehículos que prestan servizos medidos por contador taxímetro que marcará automaticamente, de xeito visible para o viaxeiro segundo as tarifas vixentes en cada momento, o valor da distancia percorrida e do tempo parado sempre que circulen en solo urbano, definido de conformidade coa lexislación urbanística de Galicia ou estea dedicado de forma exclusiva a comunicar entre si núcleos urbanos distintos dentro dun mesmo termo municipal.

3. Cando os vehículos autorizados realicen servizos de transporte interurbano cumpriranse as normas contidas na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos transportes terrestres, Regulamento de ordenación dos transportes terrestres por estrada aprobado por R.D.1211/1990, do 28 de setembro, e as da Lei 6/1996, de 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia e cantas outras resulten de aplicación.

4. Quedan fóra da regulación da presente Ordenanza os servizos de transporte sanitario e funerario, así como os servizos de pagamento prestados por automóviles sen contador taxímetro (auto-turismos).

ARTIGO 2 NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIA

No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas do Regulamento nacional dos servizos urbanos de transportes en automóviles lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, coas modificacións aprobadas polo Real Decreto 1080/1989, do 1 setembro, Real Decreto 236/1983, do 9 de febreiro, así como polo disposto na Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, na Orde de 12 de agosto de 1997, pola que se derrogan as Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, reguladoras do réxime xurídico das autorizacións de transporte público de mercadorías e viaxeiros.

CAPÍTULO II.- INTERVENCIÓN MUNICIPAL

SECCIÓN 1ª: FORMAS DE INTERVENCIÓN NA PRESTACIÓN DO SERVICIO.

ARTIGO 3 FORMAS DE INTERVENCIÓN

O Concello intervirá no servizo de auto-taxis a través dos seguintes medios:

- Sometemento do servizo a previa licenza municipal.
- Fiscalización da prestación do servizo.
- Informe e tramitación da solicitude de revisión de tarifas do servizo.
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas por concesión ou transmisión de licencias así como polas revisións periódicas.
- Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.

ARTIGO 4 DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

a) As disposicións complementarias que poderá dicta-la Alcaldía, logo do informe da comisión informativa competente, referiranse, entre outras, ás seguintes materias:

1. Publicidade,
2. Quendas de vacacións e de descansos.
3. Quendas diarias de permanencias no servizo.
4. Identificación e características dos auto-taxis.
5. Estacionamento en paradas e adscrición de vehículos ás mesmas.
6. Servizos por chamadas telefónicas ou radio-telefónos.
7. Control rexistral de vehículos, titulares e condutores.

b) As disposicións complementarias referidas á zonificación da Cidade para mellorar a prestación do servizo, así como coordina-lo co servizo do transporte urbano público de viaxeiros, serán competencia do Pleno da Corporación municipal.

ARTIGO 5 ORDES INDIVIDUAIS

As ordes individuais constitutivas de mandato que poderán ser dictadas pola Alcaldía, logo do informe da comisión informativa competente referiranse, entre outros extremos, á:

1. Determinación de paradas fixas e do número de vehículos que poderán situarse en cada unha delas, así como a obriga de acudir a elas.
2. Ordenación de servizos especiais e extraordinarios e designación dos vehículos que deban prestalos.
3. Cumprimento dos preceptos da presente Ordenanza e das disposicións complementarias dictadas para a súa aplicación.

SECCIÓN 2ª: DAS TARIFAS

ARTIGO 6 RÉXIME TARIFARIO

O réxime tarifario aplicable ós servizos prestados por vehículos auto-taxis regulados pola presente Ordenanza tramitarase polo Concello, logo do expediente iniciado de oficio ou a instancia de parte, no que serán oídos por prazo de quince días as Asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector e as de consumidores e usuarios.

A sucesiva tramitación do expediente axustarase á normativa xeral que regula a materia de prezos.

As tarifas dos servizos constarán dunha cantidade fixa, composta polo importe da baixada de bandeira, un mínimo percorrido, outra cantidade en función da quilometraxe percorrida,

por tempo de espera e suplementos de servicios nocturnos e días de festa.

As tarifas irán expostas de xeito visible no vehículo a disposición dos usuarios e serán de obrigada observancia para os titulares das licencias, conductores e usuarios.

ARTIGO 7 REVISIÓN DAS TARIFAS

A revisión das tarifas realizarase segundo o procedemento sinalado para a súa autorización.

ARTIGO 8 DOS TAXÍMETROS

Os vehículos auto-taxi deberán ir provistos dun aparato taxímetro homologado debidamente comprobado e precintado, situado na parte dianteira do interior da carrocería de xeito que en todo momento resulte completamente visible para o viaxeiro a lectura da tarifa ou prezo.

O aparato taxímetro entrará en funcionamento ó baixa-la bandeira ou elemento mecánico que a substitúa. Terá unha posición de punto morto que interromperá a continuidade do contador, definitivamente ó remata-lo servicio e provisionalmente durante o tempo de accidente, avaría, reposición de carburante e outros motivos non imputables ó usuario.

Os aparatos taxímetros estarán sometidos ás revisións periódicas que realice a Delegación Provincial de Industria e Comercio e o Concello.

Así mesmo estarán sometidos a cantas revisións ordene a Delegación Provincial de Industria e Comercio ou o Concello para comprobar: a) que o taxímetro indica de xeito visible para os usuarios se está libre ou alugado; b) que marca clara e exactamente as cantidades devengadas segundo as tarifas aprobadas en vigor, e c) estado dos precintos do aparato taxímetro.

Calquera deficiencia do aparato taxímetro que sexa observada nas revisións ordinarias ou extraordinarias ordenadas pola Alcaldía en canto á colocación, funcionamento ou outras condicións que deba reunir, dará lugar á inmediata retirada do vehículo do servicio ata tanto no sexan corrixidas a satisfacción as deficiencias observadas.

SECCIÓN 3ª DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 9 REXISTRO DO VEHÍCULO E PÓLIZA DO SEGURO

O exercicio da licencia realizarase cun vehículo axeitado que figurará como propiedade do titular da licencia e deberá figurar como tal no Rexistro da Xefatura de Tráfico referido ó Concello de Pontevedra.

Os propietarios dos vehículos deberán concertar, obrigatoriamente, a correspondente póliza de seguros que cubrirá os danos a viaxeiros e a terceiros con responsabilidade civil ilimitada.

ARTIGO 10 SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS

Os titulares das licencias poderán substituí-lo vehículo adscrito ás mesmas por outro novo ou usado de superiores condicións, sempre que supoña mellora para o servicio, reúna as esixencias desta Ordenanza e obteña a autorización do Concello de Pontevedra, logo do pagamento dos dereitos e taxas correspondentes, seguíndose os mesmos trámites sinalados para o caso

de posta en servicio do vehículo polo titular dunha nova licenza.

ARTIGO 11 CONSERVACIÓN E REVISIÓN DOS VEHÍCULOS

Os vehículos destinados ó servicio público obxecto da presente Ordenanza, deberán atoparse sempre para a prestación do servicio, en rigoroso bo estado de presentación, seguridade, funcionamento e limpeza.

Os vehículos auto-taxis, ademais das condicións, circunstancias e requisitos da licenza, estarán suxeitos á revisión ordinaria anual ou extraordinaria feitas polo Concello e Delegación Provincial de Industria e Comercio (Comunidade Autónoma).

ARTIGO 12 CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

1. Os vehículos afectos ó servicio de autotaxis deberán estar provistos de carrocería pechada, con portas de fácil acceso e perfectamente practicables para permiti-la entrada e saída.

2. Tanto nas portas como na parte posterior levarán xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles, provistos de vidros transparentes ou estelables. As portas estarán dotadas do mecanismo conveniente para acciona-los cristais que nelas ten de haber.

3. No interior dos vehículos haberá instalado a necesaria iluminación eléctrica que o conductor deberá acender nos servicios nocturnos, cando suba ou descenda a pasaxe.

ARTIGO 13 REQUISITOS DOS VEHÍCULOS

Os automóviles que haxan de prestar esta clase de servicios reunirán, no momento de ser revisados polos servicios municipais para autoriza-la súa posta en servicio, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Han de ser novos ou usados de superiores condicións ó substituído.

2. Catro portas.

3. Capacidade, incluído conductor, para cinco persoas; en todo caso, a súa capacidade real será a que sinale a Delegación Provincial de Industria ou organismo competente en cada momento.

4. Nas portas dianteiras levarán o escudo do Concello de Pontevedra, segundo o modelo oficial que estableza a Corporación e unha franxa azul horizontal coas dimensións e características que se sinalan no artigo 14.

5. O número da licenza figurará en ámbalas dúas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo e na parte frontal dianteira do interior do vehículo.

6. Na parte dianteira do teito levarán o módulo indicador da tarifa que mide o taxímetro, así como, no seu caso, a situación de "libre".

7. Non poderán permanecer en servicio por un tempo superior a 10 anos, momento no cal se suspenderá automaticamente a eficacia da licenza, en tanto non se adscriba un novo vehículo.

ARTIGO 14 A COR DOS AUTO-TAXIS

Os vehículos do servizo de auto-taxis levarán a carrocería pintada da cor branca. Nas portas dianteiras, ademais do número, levarán o escudo do Concello de Pontevedra que terá unhas dimensións de 20 centímetros de alto e a palabra "PONTEVEDRA" debaixo do escudo sobre unha prancha de fondo branco, superposto á franxa azul horizontal que se manterá só nas citadas portas.

ARTIGO 15 PUBLICIDADE NOS VEHÍCULOS AUTO-TAXIS

Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá comunicarse cunha antelación mínima de 15 días, de xeito individual ou colectivo polos titulares das licencias, indicando o contido, formato, lugar e modo de colocación do anuncio, así coma unha relación dos vehículos nos que se vai instalar, reservándose a Administración Municipal a potestade de supervisión e policía.

A publicidade interior irá colocada no respaldo dos asentos dianteiros e os anuncios non serán fixos nin de adhesión directa, senón que disporán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licenza.

A publicidade exterior irá colocada de forma que non prexudique a visibilidade do conductor a través do espello retrovisor interior do vehículo, podendo situarse ó longo das portas traseiras, cunhas dimensións máximas de 50 centímetros de ancho por 25 centímetros de alto.

Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo, é imprescindible que, tanto o titular da licenza como o vehículo, cumpran con tódalas prescricións da presente Ordenanza.

ARTIGO 16 DOCUMENTACIÓN DOS VEHÍCULOS AUTO-TAXIS

1. Os vehículos afectos ó servizo deberán estar provistos da documentación seguinte:

a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu conductor.

b) Placa co número da licenza municipal, matrícula e a indicación do número de prazas.

c) Texto da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial e Código de circulación actualizado.

d) A presente Ordenanza, as súas disposicións complementarias e o Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transporte en automóviles lixeiros (763/1979).

e) Guía de rúas oficial do Concello de Pontevedra e plano turístico.

f) Impreso relativo ás tarifas de prezos vixentes. Talo-narios de recibos.

g) Follas de reclamacións.

ARTIGO 17 TRANSMISIÓN DE VEHÍCULOS

As transmisións dos vehículos automóviles de alugamento, con independencia da licenza municipal a que están afectos, levan implícito a anulación desta, salvo que, previamente, o transmitinte aplique aquela a outro vehículo da súa propiedade, contando para todo isto coa previa autorización á que se refire esta Ordenanza.

SECCIÓN 4ª: DAS LICENCIAS

ARTIGO 18 NECESIDADE DE LICENCIA MUNICIPAL

Para a prestación de servizos ó público que se regulan na presente ordenanza será condición precisa estar en posesión da correspondente licenza municipal, que se outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos na presente Ordenanza e no Regulamento nacional dos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros vixente en cada momento e lexislación complementaria que resulte de aplicación.

ARTIGO 19 DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE LICENCIAS

A determinación do número de licencias de auto-taxi é competencia do Pleno da Corporación municipal do Concello de Pontevedra, en razón á necesidade e conveniencia do servizo a prestar ó público, sen prexuízo das competencias propias da Comunidade Autónoma Galega.

Para acredita-la necesidade e conveniencia terase en conta:

a) A situación do servizo en calidade e extensión antes do outorgamento de novas licencias.

b) O tipo, extensión e crecemento dos diferentes núcleos de poboación na área afectado do servizo.

c) As necesidades reais dun mellor e máis extenso servizo.

d) A repercusión das novas licencias a outorgar, no conxunto do transporte e da circulación viaria.

e) O rendemento económico do sector.

No expediente que para tal efecto se tramite solicitarase informe da Delegación Provincial de Transportes da Comunidade Autónoma e darase audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector, patróns independentes e asociacións de consumidores e usuarios, polo prazo de quince días.

ARTIGO 20 SOLICITUDES DE LICENCIAS. CLASES

A concesión das licencias de auto-taxi poderá ser a título gratuito ou oneroso. No segundo suposto, convocarase concurso público sinalando no prego de cláusulas administrativas a puntuación a asignar a antigüidade e a oferta económica.

Poderán solicita-las licencias de auto-taxis:

a) Os condutores asalariados dos titulares de auto-taxis sempre que presten o servizo con plena e exclusiva dedicación profesional. Ademais, deberán acredita-la posesión e vixencia no momento da convocatoria, para a provisión de licencias, o permiso de conductor expedido polo Concello e a inscrición e cotización na Seguridade Social, en concepto de asalariado.

b) As persoas naturais no caso de que non existiran peticións de condutores asalariados e se convoque concurso libre, previo baremo confeccionado polo Concello, logo da audiencia das Asociacións profesionais interesadas.

ARTIGO 21 OUTORGAMENTO DE LICENCIAS

Mediante resolución da Alcaldía o Concello resolverá a concesión das licencias a favor dos solicitantes con meirande dereito acreditado.

Na adxudicación das licencias de auto-taxis establecerase a seguinte prelación:

a) A favor dos conductores asalariados, por rigorosa e continuada antigüidade na profesión, acreditada no termo municipal. A continuidade quedará interrompida cando voluntariamente se abandone a profesión de conductor asalariado, por prazo igual ou superior a seis meses sen causa xustificada.

No suposto de que a antigüidade na Seguridade Social sexa a mesma, considerarase con meirande antigüidade aquel que tivera realizado con anterioridade o exame de conductor no Concello.

b) A favor das persoas físicas ás que se refire o apartado b) do artigo 14 do Regulamento nacional, mediante concurso libre conforme ó prego de cláusulas administrativas que aprobe ó Concello, e respecto de aquelas licencias que non se indiquen no apartado anterior.

ARTIGO 22 OBRIGA DE EXPLOTA-LA LICENCIA

Toda persoa titular de licencia, terá a obriga de explotala persoalmente durante un mínimo de horas que se fixe, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, agás os titulares de licencias adquiridas segundo a normativa anterior ó Regulamento nacional (763/79) sempre que exercesen esta facultade con anterioridade á entrada en vigor do citado Regulamento. No suposto de que os conductores sexan dous ou máis, terán a obriga de cumprir cada un deles un mínimo de horas que se fixe polo Concello.

ARTIGO 23 TRANSMISIÓN DE LICENCIAS. PROCEDIMENTO

As licencias serán intransmisibles salvo nos seguintes casos:

a) Por falecemento do titular, a favor do seu cónxuxe viúvo ou herdeiros lexítimos.

b) Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros lexitimarios e o xubilado non poidan explotalas licencias como actividade única e exclusiva, poderá transmitila a favor dos solicitantes sinalados no artigo 12 do Regulamento Nacional, tendo, en todo caso, dereito a tanteo calquera outro herdeiro forzoso en posesión do permiso municipal de conductor.

c) Cando ó titular da licencia lle sexa declarada unha incapacidade laboral polos Tribunais ou Organismos competentes, que lle impidan o exercicio da profesión, incluso retirada do permiso de conducir necesario, a favor dos solicitantes do apartado anterior.

d) Cando o titular da licencia a ostentase durante cinco anos como mínimo, logo da autorización do Concello, a favor do conductor asalariado con permiso municipal de conducir e exercicio da profesión durante un ano, se ben neste caso non poderá o transmisor adquirir "intervivos" nova licencia municipal no prazo de dez anos por ningunha das formas prescritas na presente Ordenanza.

ARTIGO 24 REVOGACIÓN DAS LICENCIAS MUNICIPAIS

As transmisións de licencias que se realicen contravindo o disposto nos artigos anteriores, serán causa de revogación da licencia polo Concello, logo da tramitación do correspondente expediente, que poderá iniciarse de oficio, a instancia das centrais sindicais, agrupacións profesionais e asociacións de

consumidores e usuarios.

ARTIGO 25 PRAZO DE VIXENCIA DAS LICENCIAS

As licencias terán duración indefinida, sen prexuízo das causas de caducidade, revogación e anulación establecidas no Regulamento nacional, na lexislación xeral de Réxime local e na presente Ordenanza.

SECCIÓN 5ª: PRESTACIÓN DO SERVICIO

ARTIGO 26 DAS PARADAS

A Alcaldía do Concello de Pontevedra, logo do informe da comisión informativa competente, coa finalidade de organizar e ordena-lo servico, fixará o situado e parada na vía pública dos vehículos auto-taxis e a forma en que deban estacionarse nelas sexa en batería ou en cordón, así como o número de vehículos de cada parada.

ARTIGO 27 MODIFICACIÓN DAS PARADAS

Tódolos emprazamentos de parada así como a capacidade dos situados en cada unha delas poderá ser alterada e ampliada ou reducida pola Alcaldía, cando razóns de mellora na prestación do servico, necesidades do tráfico ou outras análogas así o aconselle, sen que por isto os afectados teñan dereito a indemnización, logo do informe da comisión informativa competente e audiencia das organizacións representativas do sector.

ARTIGO 28 CONCORRENCIA ÁS PARADAS

Tódolos vehículos auto-taxis provistos de licencia municipal están obrigados a concorrer diariamente ás paradas para a prestación dos servicos, combinando o horario de tal xeito que aquelas se atopen debidamente atendidas.

As paradas, que serán as que en cada momento fixe, logo do informe da comisión informativa competente, a Alcaldía, contarán con sinalización horizontal e vertical.

O turno de saída dos auto-taxis para a prestación dun servico será por rigoroso orden de chegada a parada.

ARTIGO 29 TELÉFONO NAS PARADAS

É obrigatorio para tódolos titulares de licencia municipal de vehículos auto-taxi colocar e manter pola súa conta os teléfonos das paradas para atende-los avisos. As licencias con máis dun conductor, contribuirán ó mantemento, coa cota correspondente a cada un.

ARTIGO 30 QUENDAS

A Alcaldía do Concello de Pontevedra, se as necesidades do servico o requirisen, logo do informe da comisión informativa competente e logo de oí-las asociacións profesionais, poderá establecer e acordar quendas rotativas nocturnas, servicos mínimos, descansos, etc.

ARTIGO 31 MODOS DE PRESTACIÓN DO SERVICIO

1. a) Cando os vehículos auto-taxis non estean ocupados por pasaxeiros deberán estar situados nas paradas sinaladas para o efecto, a non ser que teñan de se estacionar noutros lugares seguindo instrucións do usuario, ou por outras necesidades xustificadas, sempre que o lugar de estacionamento estea autorizado. b) Cando os vehículos auto-taxis estean circulando polas vías urbanas do Concello de Pontevedra non poderán recoller pasaxeiros a menos de 50 m. das paradas existentes.

2. Cando os conductores de auto-taxis que circulen en situación de libre sexan requiridos por varias persoas ó mesmo tempo para a prestación dun servizo, ateranse ás seguintes normas de preferencia:

a) Persoas que se atopen na beirarrúa correspondente ó sentido de circulación do vehículo.

b) Doentes, impedidos e anciáns.

c) Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.

3. Nas paradas, a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios.

4. Nas áreas de influencia das estacións de ferrocarrís, terminais de autobuses interurbanos, porto ou lugares análogos, delimitadas pola Corporación, non se poderá coller servizo fora das paradas autorizadas para tal efecto.

ARTIGO 32 INDICADORES DE "LIBRE"

1. Os vehículos autotaxis, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, indicarán de día a súa situación de "libre", facendo visible a través do parabrisas dita palabra, a cal deberá lerse igualmente no taxímetro.

2. Durante a noite, os autotaxis para indica-la situación de libre, deberán levar acendida na parte dianteira da carrocería e conectada co aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará ó se ocupa-lo vehículo, ou cando estea en situación de reservado. Así mesmo, durante a noite levarase iluminado o taxímetro de forma que a tarifa sexa visible.

3. Os vehículos de autotaxis deberán levar un cartel que prohiba fumar ós usuarios nos itinerarios. Esta prohibición tamén alcanza os conductores.

ARTIGO 33 USO DOS SERVICIOS DE AUTO-TAXIS EN MARCHA

1. Cando un pasaxeiro faga sinal para deter un auto-taxi circulando en situación de "libre" o conductor deberá para-lo vehículo no lugar apto máis próximo, quitará o "libre" e non procederá a poñer en marcha o contador do taxímetro (baixada de bandeira) ata reanuda-la marcha ou recibi-la orde de espera para empezar a cumpra-lo servizo que se lle encomende.

2. Ó chegar ó lugar de destino, o conductor deberá para-lo contador, e, cumprido este requisito, indicarlle ó pasaxeiro o importe do servizo.

3. Así mesmo, deberá para-lo aparato taxímetro no caso de que, durante o mesmo, se produza algún accidente ou avaría no propio vehículo que o interrompa.

4. Se iniciado un servizo, o conductor esquecese poñer en marcha o contador, será do seu cargo exclusivo o importe devengado ata o momento de adverti-la falta, aínda que fose o de remata-la carreira, con exclusión do importe de baixada de bandeira, a non ser que o pasaxeiro estea disposto a pagarlle a cantidade que, de común acordo, conveñan.

ARTIGO 34 IMPORTE DO SERVICIO

1. O pagamento do importe do servizo efectuarao o usuario no momento en que dito servizo remate. O importe dos servizos prestados fóra do núcleo urbano poderán ser cobrados ata un 50% por adiantado.

2. Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehícu-

lo por eles alugado e os conductores deban espera-lo regreso de aqueles, poderán pedir dos mesmos, a título de garantía e contra recibo, o importe do percorrido efectuado máis media hora de espera en zona urbana e unha en descampado, esgotada a cal poderán considerarse desvinculados do servicio.

3. Cando o conductor sexa requirido para esperar os viaxeiros en lugares nos que o estacionamento sexa de duración limitada, poderá reclamar destes o importe do servicio efectuado, sen obriga pola súa parte de continua-la prestación do mesmo.

ARTIGO 35 CAMBIOS DE MOEDA NO PAGAMENTO DO SERVICIO

1. Os conductores de vehículos auto-taxis están obrigados a proporcionar ó cliente cambio ata 2.000 pesetas ou cantidade similar noutra moeda (euro); se non dispuxesen do cambio necesario por dita cantidade, abandonarán o vehículo para proveerse del, parando o taxímetro. Se a cantidade entregada fose superior ás 2.000 pesetas e o conductor tivera que efectua-lo cambio, o taxímetro continuará en funcionamento.

2. Os conductores dos vehículos virán obrigados a estender un recibo do importe do servicio, cando o soliciten os usuarios.

ARTIGO 36 IMPORTE DO SERVICIO NOS SUPOSTOS DE AVARÍA

En caso de avaría ou accidente que faga imposible a continuación do servicio, o viaxeiro, que poderá solicita-la súa comprobación ós axentes da autoridade, deberá satisface-la cantidade que marque o taxímetro ata o momento da avaría ou accidente.

ARTIGO 37 REQUIRIMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO

1. O conductor de vehículos que fose solicitado persoalmente ou por teléfono para prestar un servicio, na forma que para estas chamadas estea establecida, non poderá negarse a isto sen causa xusta.

2. Poderá ser motivo de negativa:

a) Ser requirido por individuos que esperten fundada sospeita, no caso do cal o conductor poderá solicita-la debida identificación perante os axentes da autoridade.

b) Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.

c) Cando calquera dos pasaxeiros se atope en estado de embriaguez manifesta, ou baixo o efecto de estupefacientes.

d) Cando a vestimenta dos viaxeiros e os vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores poidan, de forma manifesta, emporcar, deteriorar ou causar danos no vehículo.

e) Cando as maletas, equipaxes ou vultos que leven os pasaxeiros, non caiban na baca ou portamaletas.

f) Cando sexa requirido para prestar servicio por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do conductor, como do vehículo.

3. O conductor de autotaxi que sexa requirido para prestar servicio a invidentes ou a inválidos, non poderá negarse a isto polo feito de ir acompañados de can guía.

ARTIGO 38 OBXECTOS PERDIDOS

Os obxectos que atopase o conductor no vehículo auto-taxi

entregaraos o mesmo día, ou o máis tardar dentro das 72 horas seguintes, nas dependencias da policía local ou nos lugares que se designe, detallando as circunstancias do encontro e poñéndoo en coñecemento da policía local.

ARTIGO 39 OBRIGAS DOS CONDUCTORES

1. Os conductores ó presta-lo servico:

a) Abrirán ou pecharán os cristais a indicación do usuario.

b) Axudarán a subir e a apearse do vehículo ós anciáns, doentes, inválidos e nenos.

c) Axudarán a recoller e colocarán adecuadamente as maletas, equipaxes, e outros vultos.

d) Acenderán a luz interior pola noite, para facilita-la subida e baixada, e o pagamento do servico. Baixarán o volume do receptor de radio, á vontade do pasaxeiro.

2. Durante a prestación do servico, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os conductores proferirán ofensas ou iniciarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre si, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

3. Así mesmo, deberán respectar e admiti-lo uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servico.

ARTIGO 40 SERVICIOS INTERURBANOS

Os vehículos auto-taxis realizarán preferentemente servicos urbanos. Para a realización dos servicos interurbanos os vehículos deberán contar coa correspondente autorización da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os auto-taxis ó chegar ó límite do casco urbano, tendo comenzado o servico no mesmo, aplicarán a tarifa por taxímetro ata aquel límite, e a continuación, por quilómetro percorrido.

ARTIGO 41 UTILIZACIÓN DOS VEHÍCULOS E EMERXENCIA GRAVE

En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servico de autotaxis así como os vehículos adscritos ó mesmo quedarán a disposición das autoridades a fin de coaduxuar á prestación do servico público de transporte, sen prexuízo de percibi-la correspondente retribución e, no seu caso, a indemnización procedente. O incumprimento de dito precepto considerarase como falta moi grave, tanto por parte do titular da licenza como do conductor.

ARTIGO 42 COMUNICACIÓN DE AUSENCIAS A CAUSA DE FORZA MAIOR

1. A imposibilidade de prestar servicos por períodos superiores a un mes por causa de forza maior deberá ser comunicada ó Delegado do servico ou á Alcaldía no prazo de tres días.

2. O incumprimento desta obrigación polos conductores non eximirá a responsabilidade ós respectivos titulares das licenzas.

SECCIÓN 6ª: PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

ARTIGO 43 OBRIGATORIEDADE DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

Para conducir vehículos auto-taxis como titular da licen-

cia municipal ou como conductor asalariado do mesmo é preciso estar en posesión do permiso municipal de conductor, que se expedirá polo Concello a favor dos titulares de licencia municipal de auto-taxis ou a favor dos asalariados que ó solicitá-lo reúnan os requisitos e superen as probas de aptitude establecidas.

O titular do permiso municipal de conductor vén obrigado á plena e exclusiva dedicación. O traballo de conductor a que lle faculta o permiso municipal é totalmente incompatible con calquera outro traballo, producíndose no suposto de pluriemprego a perda do permiso municipal de conductor.

ARTIGO 44 REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

O obxecto de obter o permiso municipal de conductor, o interesado deberá:

a) Posuír permiso de conducción de automóbiles de clase B con autorización BTP, de acordo coas normas contidas na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade vial e Código de circulación.

b) Declaración responsable de non atoparse incurso en causas de incompatibilidade con outra profesión ou actividade retribuída, comprometéndose á prestación dos servicios sinalados na presente Ordenanza con plena e exclusiva dedicación.

c) Non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

d) Reunir los requisitos establecidos na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade vial, así como os que especialmente sinale, con tal carácter, a Xefatura de tráfico.

e) Coñecer as vías públicas, lugares de interese turístico, hospitais, situación de locais de espexamento, oficinas públicas, centros oficiais, principais hotéis e itinerarios máis directos para chegar ó punto de destino.

f) Coñecer a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade vial, Regulamentos e demais normas relativas ó servizo, así como as tarifas aplicables.

g) Para a obtención do permiso municipal de conductor asalariado requirirase, ademais dos requisitos esixidos para a obtención do permiso municipal de conductor, a xustificación da alta e cotización na Seguridade Social como tal. Esta xustificación ante a Administración municipal realizarase antes da entrega do permiso de conductor ó solicitante.

h) Non ter sido condenado por sentenza firme en delitos dolosos con pena igual ou superior a de prisión menor.

3. As circunstancias expresadas nos apartados e) e f) do parágrafo anterior acreditaranse mediante a proba de aptitude, que coa periodicidade que se estableza na convocatoria feita polo Concello cando existan solicitudes.

4. No suposto de transmisión de licencias ou no de contratación de asalariado polo cónxuxe sobrevivente titular da licencia, o Concello deberá realiza-las probas no prazo máximo de dous (2) meses contados desde a presentación da solicitude

de transmisión ou de contratación de asalariado, no seu caso.

Nos supostos de incapacidade laboral transitoria para conducir do titular da licenza, debidamente acreditada, nos de viuvez cando os herdeiros sexan menores de idade ou nos de transmisión de licenza poderase autorizar temporalmente a contratación de asalariados que durará ata que remate a situación causa da contratación temporal de asalariado, sempre realizando as pertinentes probas.

5. Coa solicitude e documentos que xustifiquen as circunstancias antes enumeradas, acompañaranse dúas fotografías tamaño carné.

ARTIGO 45 REVISIÓN DOS PERMISOS MUNICIPAIS DE CONDUCTOR

1. Os permisos municipais de conducir os vehículos a que se refire o artigo anterior, serán revisados cada cinco anos, podendo ser prorrogados expresamente por outros cinco anos máis.

2. Os permisos municipais caducarán por:

a) Por xubilación do titular.

b) Por incapacidade ou invalidez laboral.

c) Cando o permiso de conducción fora retirado ou non renovado.

d) Nos casos previstos na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade vial.

e) Polo remate do contrato de traballo e baixa na Seguridade Social os dos conductores asalariados, podendo ser renovados no suposto de nova contratación dentro do período dos cinco anos fixados para a revisión.

3. Poderán ser suspendidos ou retirados temporalmente:

a) Nos casos de sanción previstos na presente Ordenanza.

b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de conducción.

ARTIGO 46 CUMPRIMENTO DAS DISPOSICIÓN REGULAMENTARIAS

Os conductores dos vehículos deberán presta-lo servicio de acordo coas previsións que ó respecto se recollan nas normas complementarias desta Ordenanza, coidar do seu aspecto persoal e vestir con pulcritude.

ARTIGO 47 COMPETENCIA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO SERVICIO.

O Concello de Pontevedra será competente para establecer as medidas de organización e de ordenación do servicio en materia de horarios, calendarios, descansos, vacacións, establecemento de obrigacións de prestación de servicios en áreas ou zonas determinadas en horarios de día ou noite, etc., oíndo ás asociacións de empresarios e traballadores previamente.

CAPÍTULO III.- RÉXIME DISCIPLINARIO, CADUCIDADE E REVOGACIÓN DAS LICENCIAS. INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 48 EXPEDIENTE SANCIONADOR

O Concello de Pontevedra logo da incoación do oportuno expediente sancionador tramitado segundo o disposto na Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, castigará toda infracción cometida polos

propietarios ou conductores de vehículos automóbiles adscritos ó servizo regulado na presente Ordenanza, de conformidade co cadro de sancións sinaladas nos artigos seguintes.

ARTIGO 49 CAUSAS DE ANULACIÓN DAS LICENCIAS

A licenza municipal caducará por renuncia expresa do titular e serán causas polas cales o Concello declarará revogadas e retirará as licencias os seus titulares as seguintes:

a) Transmiti-la licenza contravindo o disposto na presente Ordenanza.

b) Presta-lo servizo con un vehículo non autorizado para isto.

c) Deixar de presta-lo servizo ó público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante un período dun ano salvo que acrediten razóns xustificadas e por escrito ante o Concello. O descanso anual estará comprendido nas razóns xustificantes da excepción.

d) Non ter o titular da licenza concertada a póliza de seguro en vigor da clase esixida pola lexislación e presente Ordenanza.

e) Reiterado incumprimento das disposicións sobre revisión periódica do vehículo.

f) A venda, cesión, arrendamento, alugamento, apoderamento e demais contratos sobre as licencias que supoñan unha explotación non autorizada pola presente Ordenanza.

g) O incumprimento das obrigas inherentes á licenza e demais disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo.

h) A contratación de persoal asalariado sen a tramitación do preceptivo permiso municipal de conductor, ou sen a alta e cotización á Seguridade Social.

A caducidade e retirada da licenza acordarase pola Alcaldía logo da tramitación do correspondente expediente que poderá incoarse de oficio ou a instancia das centrais sindicais, agrupacións profesionais e asociacións de consumidores e usuarios.

ARTIGO 50 FALTAS LEVES

Terán a consideración de faltas leves:

a) Descoido no aseo persoal do conductor

b) Descoido no aseo interior e exterior do vehículo.

c) Discusións cos compañeiros de traballo.

d) Comer dentro do vehículo con viaxeiros dentro do mesmo, durante a prestación dos servizos urbanos e interurbanos, salvo que nestes últimos medie expreso consentimento dos usuarios.

e) Permitti-la estancia nas proximidades das paradas a persoas que se acheguen ós coches para abrir e cerra-las portas ou ofrecer calquera outro servizo ós viaxeiros.

f) Baixa-la bandeira antes de que o usuario indique o punto de destino.

g) Non facilitar cambio de moeda ata 2.000 pesetas.

h) Non levar no vehículo os documentos que se esixen na presente Ordenanza.

i) Non coloca-lo impreso da vixente tarifa a vista do

usuario.

j) Non leva-lo aparato taxímetro e o sinal de libre iluminado a partir do solpor e non leva-las indicacións dos horarios de traballo que no seu caso se determine polo Concello.

ARTIGO 51 FALTAS GRAVES

Consideraranse faltas graves:

a) Poñer en servizo o vehículo, sen a revisión previa ou non presentarse ás extraordinarias ordenadas polo Organismo ou Autoridade competente.

b) A inasistencia dos vehículos ás paradas sinaladas durante unha semana consecutiva.

c) Ofrecer o servizo a voces e saír persoalmente ó encontro dos viaxeiros ou realiza-lo por medio de terceiras persoas ou non prestar o servizo.

d) Abandona-lo vehículo estacionado na parada cando estean esperando os viaxeiros e no exista causa xustificada para isto.

e) Levar nos asentos a terceiras persoas estrañas ó viaxeiro que alugasen o mesmo.

f) O emprego de palabras ou xestos groseiros e de ameaza no seu trato cos usuarios ou dirixidas a viandantes ou condutores doutros vehículos.

g) Negarse a estender recibo do servizo con indicación da data, hora, percorrido, número de licenza e prezo.

h) Negarse a exhibir a lista de tarifas na forma prevista nesta Ordenanza.

i) Cometer dúas faltas leves nun período de dous meses ou catro nun ano.

j) Non cumprir-las ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro, percorrendo maiores distancias innecesarias,

k) Promover discusións cos axentes da autoridade ou cos pasaxeiros alterando a orde.

l) Non aceptar que o usuario faga uso indistintamente das linguas castelá e galega, nas indicacións para a necesaria prestación do servizo.

m) Non admiti-los condutores a comprobación por parte do usuario do rexistro quilométrico por aplicación da tarifa.

n) Esixir novo importe de baixada de bandeira, cando o usuario rectifique o termo de carreira ou se, antes de rematala mesma, se apeara un acompañante.

ñ) Non respecta-la quenda de paradas.

o) Carecer de espazo libre no maleteiro ou no portaequipaxes.

p) Negarse a presta-lo servizo, sen causa xustificada.

q) Non cumprir as ordes concretas do itinerario marcado polo usuario.

r) Levar anuncios publicitarios no exterior do vehículo afecto ó servizo non axustados ó establecido nesta ordenanza.

s) O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, descanso semanal e vacacións, e das normas de organización do servizo.

ARTIGO 52 FALTAS MOI GRAVES

Consideraranse faltas moi graves:

a) Abandona-lo viaxeiro sen rende-lo servicio para o que fora requirido sen causa xustificada.

b) Cometer catro faltas graves no período dun ano.

c) Reter calquera obxecto abandonado no vehículo, sen dar conta disto á autoridade competente dentro das 72 horas seguintes.

d) A manifesta desobediencia ás ordes da Alcaldía.

e) A comisión de delitos, cualificados polo Código penal como dolosos, con ocasión ou con motivo do exercicio da profesión.

f) O fraude no taxímetro ou conta-quilómetros, así como a falta ou rotura dos precintos regulamentariamente fixados,

g) A negativa a prestar servicio en hora e quenda de traballo ou ben fóra deles, indicando a situación de libre.

h) A percepción en exceso ou en defecto da tarifa, en cantidade non superior a un 25% da autorizada.

i) A prestación de servicios nos supostos de suspensión, revogación ou caducidade da licenza ou de retirada do permiso municipal de conductor.

j) Os cambios nos distintivos fixados sobre o vehículo, referentes o número da licenza, día de descanso semanal ou calquera outro sinalado polo Concello.

k) Conduci-lo vehículo en estado de embriaguez ou baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.

l) A conducción do vehículo por quen careza, validamente, do permiso municipal de conductor de servicio público

m) A negativa á prestación de servicios extraordinarios, especiais ou de urxencia.

ARTIGO 53 SANCIONES

As sancións con que poden castigarse as faltas tipificadas nos artigos anteriores, serán as seguintes:

a) Para as faltas leves:

- Amoestación.

- Suspensión da licenza ou permiso de conductor municipal ata quince días.

- Multa de ata 50.000 pesetas.

b) Para as faltas graves:

- Suspensión da licenza ou permiso de conductor municipal de dezaseis días a tres meses.

- Multa de 50.001 a 150.000 pesetas.

c) Para as faltas moi graves:

- Suspensión da licenza ou permiso de conductor municipal de tres meses a un ano.

- Retirada definitiva da licenza ou permiso municipal de conductor.

Os expedientes de sanción serán tramitados segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e de acordo co procedemento sinalado no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e Real Decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Re-

gulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, coas súas posteriores modificacións, dándolle audiencia ás asociacións profesionais no caso de expedientes tramitados por falta grave ou moi grave e por prazo de dez días.

ARTIGO 54 LEXITIMACIÓN PARA A DENUNCIA

1. Calquera persoa (particular, central sindical, agrupación profesional ou asociación de consumidores e usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.

2. Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

ARTIGO 55 PROCEDEMENTO SANCIONADOR A INSTANCIA DE PARTICULAR

A tramitación das denuncias que voluntariamente se formulen, axustarase ás seguintes normas:

a) A denuncia poderá formularse verbalmente perante o axente da autoridade máis próximo ó lugar do feito, en por escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello.

b) Consignarase na denuncia, ademais do número de matrícula do vehículo e o da licenza municipal, o nome e enderezo do denunciante, e o nome e enderezo do denunciado, se foran coñecidos, así como unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora en que fose sido apreciado

c) Se a denuncia se presentara ante axente da autoridade, formalizarase por este un boletín de denuncia, no que se fará constar, ademais das circunstancias do feito e demais requisitos consignados no apartado precedente, se persoalmente puido en non comprobarse por el a infracción denunciada, así como o nome e enderezo do denunciante. O boletín remitirase ós servizos administrativos do Concello, sen prexuízo de entregar un duplicado ó denunciado se fose posible.

d) Recibida a denuncia, notificarase ó denunciado se non se lle entregou boletín, para que expoña por escrito as alegacións que estime pertinentes dentro do prazo de 10 días, con achegamento ou proposta das probas que considere oportunas. Tal notificación conterá os datos previstos para o boletín de denuncia de carácter obrigatorio.

ARTIGO 56 PROCEDEMENTO SANCIONADOR POR DENUNCIA DE AXENTES DA AUTORIDADE

O procedemento sancionador motivado por denuncia de axentes da autoridade, axustarase ás seguintes regras.

1. O axente da autoridade entregará no acto ó denunciado un boletín no que fará consta-la relación circunstanciada do feito e o lugar, data e hora en que se apreciase, así como a matrícula do vehículo, número da licenza municipal, e o nome e enderezo do denunciado, logo da exhibición por este do permiso de conducir e do correspondente permiso municipal.

2. O boletín de denuncia extenderase por exemplar triplicado (un que quedará en poder do denunciante, outro que se entregará ó denunciado, e un terceiro que se remitirá ó Concello), e será asinado polo denunciante e o denunciado, sen que a firma deste implique conformidade cos feitos que motivan a

denuncia, senón, unicamente, coa recepción do exemplar a el destinado. Se o denunciado se negase a asina-lo boletín, farao constar o denunciante e a súa manifestación producirá os mesmos efectos da sinatura.

3. Durante os 10 días seguintes ó da entrega do boletín (que salvo nos casos previstos na regra 5 deste mesmo artigo, servirá de notificación da denuncia), o denunciado poderá presentar escrito de descargo, con achegamento ou proposta das probas que considere oportunas.

4. Ultimadas as dilixencias encamiñadas á comprobación dos feitos, dictarase a resolución procedente e notificarase ó interesado, con expresión dos recursos que contra a mesma procedan, órganos perante os que se teña que presentar, e prazo para interpoñelos.

5. Cando por razóns xustificadas, que deberán consignarse no boletín de denuncia, deixara de entregarse este ó denunciado, notificaráselle a denuncia, facéndolle saber á súa vez, o seu dereito a formular alegacións e presentar ou propoñer probas dentro do prazo de 10 días, continuándose despois o procedemento na forma sinalada nas regras precedentes.

ARTIGO 57 ANOTACIÓN DAS SANCIÓN S NO EXPEDIENTE PERSOAL

Tódalas sanción s serán anotadas nos expedientes persoais dos titulares de licencia e dos condutores que se levará no Concello.

ARTIGO 58 CANCELACIÓN DE NOTAS DESFAVORABLES

Os titulares de licencias e condutores poderán solicitar a cancelación da nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que observasen boa conducta e cumprisen a sanción, unha vez transcorridos dende a imposición desta un ano, tratándose de falta leve, dous anos se se trata de falta grave e 6 anos na falta moi grave.

ARTIGO 59 REXISTRO DE LICENCIAS

O Concello levará un rexistro das licencias concedidas no que se anotarán as diferentes incidencias relativas ós titulares das licencias, condutores asalariados e vehículos afectos á mesma, tales como substitución de vehículos, accidentes, transmisión s, sanción s, etc.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A substitución do actual distintivo dos auto-taxis (franja horizontal) e a adecuación do anagrama do Concello e franja diagonal nos vehículos auto-taxis deberá levarse a cabo no prazo de dous anos, contados desde a aprobación definitiva da presente Ordenanza. O incumprimento do disposto no parágrafo anterior levará á imposibilidade de pasa-la revisión anual preceptiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Concello coa finalidade de fomenta-la existencia de auto-taxis para discapacitados promoverá a transformación dos vehículos, podendo establecer bonificación s ou axudas para estes efectos.

DISPOSICIÓN FINAL-DERROGATORIA

A presente Ordenanza entrará en vigor ós 20 días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, momento

no que quedará derogado o actual Regulamento Municipal dos Servicios Urbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros, aprobado polo Concello-Pleno en sesión celebrada o 31 de xaneiro de 1966, coas modificacións introducidas en virtude de acordos plenarios das datas posteriores.

6.- POLÍTICA SOCIAL: APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO DA MULLER, COMO ÓRGANO SECTORIAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar á aprobación do Regulamento do Consello da Muller, como órgano sectorial de participación cidadá no Concello de Pontevedra.

Aberto o debate, intervén dona Salomé Álvarez Blanco, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que coa aprobación inicial deste proxecto de regulamento do Consello Municipal da Muller dáse un paso importante máis no modelo de democracia participativa que preconiza este equipo de goberno, que segue á aprobación doutros consellos que se teñen creado neste mandato, como son o Consello Escolar municipal ou o Consello Económico e Social, e tamén pensa que é un avance importante nas políticas de igualdade que van redundar indubidablemente non só en beneficio das mulleres, para contribuír un pouco á loita pola desigualdade e a discriminación de xénero na sociedade, senón que pensa que van redundar en beneficio de toda a sociedade; esta aprobación presumible hoxe deste regulamento efectiviza un mandato deste Pleno da Corporación a raíz dunha moción do grupo socialista na que se instaba a creación deste Consello, que foi non só apoiada polo equipo de goberno, porque efectivamente coincidía co seu desexo e co seu propósito de crear este consello, senón que tamén foi aprobada, como ben se recordará, polo Partido Popular; este é un órgano de participación, de debate e de propostas para conseguí-los obxectivos que se marcan no artigo primeiro deste regulamento e, indubidablemente, a incorporación plena das mulleres na vida do Concello e tamén a contribuír a unha política transversal de igualdade en tódalas áreas de goberno, esperando a súa aprobación, xa que foi aprobado por tódolos grupos en Comisión, quere agradece-las contribucións tanto do Partido Socialista como do Partido Popular na Comisión e espera e desexa que este Consello cumpra os fins e os obxectivos para os que é creado, que pensa que entre todos e todas o van a conseguir.

Seguidamente intervén en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dona Dolores de Ozámiz Lestón, dicindo que su grupo ya hace siete meses que presentó esta propuesta de creación de este Consello, pues desde el principio consideraban que era muy interesante, en aquel momento apoyaron la moción todos los grupos con ciertas dudas porque decían que no había un reglamento, pero ahora se ha elaborado por fin el reglamento con la participación y la aportación de todos los grupos, se ha aprobado por unanimidad en la última Comisión informativa y considera que sería in-

teresante que se pusiera en funcionamento cuanto antes, pues con eso se acabaría esta larguísima elaboración y ya que la propuesta era de suya, quiere dar las gracias a los dos grupos que apoyaron la creación de este Consello.

Intervén a continuación dona María Josefa Manzanares Perala, en representación do grupo municipal do Partido Popular, manifestando que su grupo va a votar a favor, como no podía ser de otra manera, porque considera positiva la puesta en marcha del Consello da Muller, con entidad propia dentro de los órganos sectoriales de participación ciudadana y por considerarlo como un eslabón más en esta lucha por la igualdad que se está llevando a cabo.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente iniciado e ó obxecto de dar cumprimento ó sinalado no art. 1º do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Pontevedra, que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de xaneiro de 1999, e definitivamente por Resolución da Alcaldía de 7 de abril de 1999, onde se establecen as formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade co ordenamento xurídico.

E tendo en conta que confrontados os preceptos do proxecto de Regulamento do Consello Municipal da Muller coas disposición de rango superior, verificouse que as súas disposicións axústanse ó ordenamento xurídico, e considerando os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º.-A Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artg. 4-1.a) sinala que lle corresponden ó Concello na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial "as potestades regulamentarias e de autoorganización".

2º.- A Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que incorpora no seu artg. 51º, os principios de legalidade, xerarquía normativa e competencia.

3º.-A Constitución Española no seu artg. 9º garante o principio da xerarquía normativa das disposicións de carácter xeral, estando tódolos poderes públicos suxeitos á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico, non podendo contravir as normas contidas nas leis ou outras disposicións regulamentarias de rango superior.

4º.-A Constitución Española establece no seu artigo 14º o principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo. E no seu artigo 9º-2 sinalase que corresponde ós poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódalas/los cidadás/ans na vida política, económica, cultural e social.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa de Política Social e Promo-

ción do Benestar, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto de Regulamento do Consello Municipal da Muller de Pontevedra, creado polo Pleno da Corporación, como órgano complementario para a canalización da participación cidadá nos asuntos municipais, con funcións informativas e de proposta en materias relacionadas cos seus obxectivos, sendo o texto íntegro do mesmo o seguinte:

ARTIGO I. OBXECTIVOS DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER.

Serán obxectivos do Consello Municipal da Muller os seguintes:

- Estudiar e emitir informes sobre os temas que considere de interese para a muller.

- Promover e dar prioridade ás iniciativas da Concellería e doutras institucións, derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos á muller.

- Potenciar a coordinación entre as institucións que actúen neste eido en Pontevedra.

- Propoñer actuacións e acordos ás diversas Concellerías, á Corporación, aos Consellos municipais e a cantas outras institucións incidan coas súas actuacións, ou coas súas omisións, no ámbito da muller.

- Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito da muller se produzan no municipio para darlles resposta.

- Informar, debater e difundir temas sobre dereitos das mulleres.

- Apoiar e fomentar o asociacionismo das mulleres para acadar maior participación e solidariedade.

- Velar pola aplicación do principio de igualdade nas actuacións municipais.

- Participar na elaboración dun Plan municipal de igualdade de oportunidades para as mulleres do Concello de Pontevedra e, unha vez aprobado polo Pleno, levar a cabo o seu seguimento.

- Propoñer actuacións para a igualdade de oportunidades das mulleres no municipio e realizar o seu seguimento.

- Denunciar as condutas de discriminación que se produzan de cara ás mulleres.

ARTIGO II.-COMPOSICIÓN.

O Consello Municipal da Muller estará integrado por:

- Un presidente: O Alcalde ou Concelleira en quen delegue.

- Unha representante de cada grupo municipal existente na Corporación.

- Unha representante de cada unha das Asociacións de mulleres do Concello de Pontevedra, que deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

- Unha representante de cada unha das Secretarías da Muller dos Sindicatos con representación no municipio.

- Unha representante do Servicio Galego para a Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

- Catro representantes a elixir entre as vocalías da Muller das Asociacións de veciños que estean inscritas como tales no Rexistro Municipal de Asociacións.

- Unha representante das vocalías (se existisen) das organizacións empresariais de mulleres.

ARTIGO III.- DAS COMISIÓNS DE TRABALLO

Constituiranse as seguintes Comisións de traballo:

- Formación, emprego e relacións laborais.
- Violencia de xénero e imaxe social.
- Saúde e sexualidade.
- Atención social e reparto das responsabilidades.
- Cultura e Educación.
- Calquera outra que o Consello considere oportuna.

ARTIGO IV.- DAS ACTAS DAS SESIÓNS.

As Actas do Consello Municipal da Muller terán carácter de documento público polo que a Secretaría Xeral do Concello levantará acta de cada sesión, exercendo como fedatario a Secretaría Xeral do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

ARTIGO V.-DA CONVOCATORIA DAS SESIÓNS DO CONSELLO.

A convocatoria das sesións ordinarias deberá realizarse cunha antelación mínima de cinco días sobre a data da xuntanza. A Concellería da Muller ou a Area onde esta apareza encadrada, en coordinación coa Secretaría Xeral do Concello, porá a disposición dos membros do Consello a documentación necesaria para o adecuado desenvolvemento das súas tarefas.

O Consello Municipal da Muller será convocado cando menos unha vez cada tres meses. Poderá convocarse con carácter extraordinario cantas veces o decida o Presidente, o acorde o Pleno do Corporación, ou así o soliciten formalmente ó menos os 3/5 das integrantes.

Para a súa constitución necesitarase que asistan polo menos, 2/3 dos membros que compoñen o Pleno, ademais do Presidente e Secretario ou de quen legalmente os substitúa.

De non obter o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 7 días, bastando entón coa maioría absoluta para a súa legal constitución.

ARTIGO VI.-DAS CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS.

As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo dos tres días hábiles seguintes á data de entrada da solicitude no Rexistro Municipal, cando así o soliciten as 3/5 partes dos membros do Consello.

O Consello extraordinario deberá celebrarse nun prazo de vinte días a contar dende o momento da convocatoria, salvo caso de forza maior.

ARTIGO VII.-DOS ACORDOS

As decisións serán tomadas pola maioría simple das representantes presentes na sesión do Consello, agás aquelas que por regulamentación se esixa algunha aprobación cualificada.

ARTIGO VIII.- DOS CARGOS UNIPERSOAIS

O Consello Municipal da Muller contará cos seguintes cargos unipersoais de responsabilidade, que formarán a Mesa do Consello:

- Presidente/a.
- Vicepresidenta.
- Secretaria.

ARTIGO IX.- DO/A PRESIDENTE/A

Serán funcións da Presidencia:

- Convocar e presidir as reunións.
- Preparar a orde do día.
- Ordenar os debates e someter a votación os acordos.
- Executar os acordos do Consello.
- Velar pola correcta aplicación do Regulamento de Participación e por esta normativa.

ARTIGO X.- DA VICEPRESIDENCIA.

A Vicepresidenta será nomeada e separada libremente polo Alcalde entre as conselleiras que formen parte da Corporación Municipal na primeira sesión logo da constitución do Consello Municipal da Muller.

Serán funcións da Vicepresidencia:

- Auxiliar á Presidencia do Consello Municipal da Muller nos asuntos que esta o requira.
- Substituír ó Presidente nos casos de ausencia, enfermidade ou calquera circunstancia que impida a presenza deste na reunión.

ARTIGO XI.- DA SECRETARÍA.

Será desempeñada polo titular da Secretaría da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

A/o Secretaria/o será a responsable de dar fe pública nas actas correspondentes dos asuntos tratados e resolucións adoptadas, así como de facilitar a documentación necesaria ás conselleiras. Asistirá ás sesións con voz e sen voto.

ARTIGO XII.- DAS COMISIÓNS DE TRABALLO.

O Consello Municipal da Muller decidirá a constitución de Comisión de traballo con carácter temporal ou permanente, segundo os intereses, necesidades e posibilidades do Consello.

As Comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación na materia da súa competencia.

Poderán participar nas Comisións de traballo aquelas persoas que sexan requiridas polo Consello, ou que o soliciten formalmente diante deste organismo, para presentar informes técnicos ou formular cuestións que lles afecten directamente a elas ou ao colectivo que representan.

ARTIGO XIII.- ELECCIÓN DAS CONSELLEIRAS.

As integrantes do Consello Municipal da Muller serán renovadas, aínda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renoven os membros da Corporación e no prazo máximo de tres meses despois de constituída.

A Presidencia dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder a designar as novas Conselleiras.

En caso de que se produzan cambios internos na directiva das Asociacións representadas no Consello deberán ser comunicados á Concellería da Muller coa maior brevidade posible, si afectara á representación conferida.

As representantes de cada asociación serán elixidas polas Asociacións que representan.

As representantes das vocalías da muller das Asociacións dos barrios e parroquias de Pontevedra serán escollidas en cada vocalía, e posteriormente escollerán entre elas ás catro que formarán parte do Consello.

A representante das vocalías (se existisen) das organizacións empresariais de mulleres, será elixida entre as mesmas.

Así mesmo formarán parte do Consello municipal da muller, unha representante de cada un dos grupos políticos municipais que integren a Corporación.

Por cada Conselleira poderá designarse unha suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas da titular por ausencia xustificada desta.

ARTIGO XIV.-EXTINCIÓN DOS NOMEAMENTOS.

O nomeamento poderá extinguirse por:

- Revogación por parte da entidade á que representa.
- Por falecemento ou renuncia expresa da interesada.

ARTIGO XV.-RÉXIME XURÍDICO.

En todo o non previsto no presente Regulamento, estarase ó disposto no Capítulo II do Título II da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se refire ó funcionamento dos órganos colexiados, así como o disposto no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Pontevedra, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 1999, e definitivamente mediante Resolución de 7 de abril de 1999.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artg. 65.2 da Lei 7/85, de conformidade co sinalado no artg 70.2 da citada Lei.

SEGUNDO.- Dispoñer que o Regulamento do Consello Municipal da Muller de Pontevedra, sexa sometido a información pública e audiencia ós interesados por un período de 30 días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións ou suxestións durante o período concedido ó efecto, a Alcaldía elevará a definitiva a aprobación inicial, ordenando a publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

CUARTO.- No suposto de presentarse reclamacións ou suxestións contra o Regulamento, aprobado inicialmente, serán tramitadas regulamentariamente para a súa resolución polo Pleno da Corporación, quen tamén se pronunciará sobre a súa aprobación definitiva.

7.- AUTORIDADE PORTUARIA MARÍN-PONTEVEDRA: PROPOSTA PARA A DESIGNACIÓN DE DOUS VOCAIS NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN-PONTEVEDRA.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal á designación do dous vocais no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín-Pontevedra.

Aberto o debate, intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, dicindo que con la designación del señor Taboada Rivadulla como vocal de

la Autoridad Portuaria que les van a imponer a continuación, demuestra el señor Alcalde su talante dialogante, su sentido de la democracia, su dominio de las matemáticas a la hora de aplicar los porcentajes y sobre todo su dependencia del PSOE para estar sentado en el sillón de la Alcaldía, que parece habersele subido ya a la cabeza y, dice esto, porque no parece lógico que siendo el Partido Popular la lista más votada, teniendo diez Concejales en este Ayuntamiento, se le regale a la lista menos votada y con cinco Concejales este puesto de vocal y quiere hacer constar que no tiene absolutamente nada contra el señor Taboada, pero así como se pactaron entre los tres grupos los representantes en los distintos órganos colegiados y cree que con una gran generosidad por parte del Partido Popular, prueba de ello es el número de Concejales que hay en las distintas Comisiones, que no corresponde al tanto por ciento de votos obtenidos y que tiene siempre una superioridad numérica a favor del Partido Socialista, pero en este caso ni se habla de ello en la Junta de Portavoces, ni se les pregunta, ni se aplica el tanto por ciento de votos, se aplica el ordeno y mando del señor Alcalde y se va a aplicar ahora el rodillo del diez más cinco en este Pleno y el señor Alcalde da en la prensa disculpas absurdas que nadie le ha pedido y pretende que aquí los miembros del Partido Popular se pongan firmes y a sus órdenes, pero ni se van a poner firmes ni se van a poner a sus órdenes y quieren que conste en el acta de este Pleno y que lo sepa todo el pueblo de Pontevedra que expresan su más enérgica repulsa a que los nombramientos se hagan a dedo, sin guardar los porcentajes que los pontevedreses quisieron dar a cada partido en las urnas y que sepa el señor Alcalde que en lo sucesivo no va a contar con este portavoz para asistir de convidado de piedra a las reuniones de la Junta de Portavoces.

Toma a palabra o señor Alcalde, dicíndolle ó señor Pedrosa que efectivamente o reparto dos representantes nos órganos colexiados se fixo atendendo á representación de tódolos grupos e foi exquisitamente feito, recibiu a unanimidade desta Corporación e houbo cesións por parte de todos e a ese respecto quixéralle recorda que cando había un representante só do concello en algún órgano se tratou de repartir tamén, por exemplo en Caixa Galicia onde se lle dou a representación ó Partido Popular e lle correspondería obviamente ó equipo de goberno, e quérelle recordar que con este ano leva trece na Corporación e nunca tivo unha representación no porto de Marín, pois no último mandato houbo dous representantes e cre que estaba o Partido Popular e Pontevedra Unida; hai un tema que lle parece moi importante que é que na actual composición da Autoridade Portuaria ten unha representación excesiva o Partido Popular, empezando polo seu presidente e seguindo polos distintos membros nomeados pola Xunta de Galicia, dos cales ademais hai un membro desta Corporación, o señor Pichel, e o que non existe é unha representación do Partido Socialista, polo tanto entende que é de xustiza que teña esa representación; eses son os seus argumentos e cre que non ha lugar a tódalas consideracións que

ten feito o señor Pedrosa.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, diciendo que no pensaba intervenir en esta cuestión porque creía que era un tema de orden menor, pero parece ser que se le quiere dar cierta relevancia ya que incluso ha salido a los medios de comunicación y da la sensación de que tiene que agradecer eternamente al equipo de gobierno que le hayan designado para la Junta del Puerto de Marín, pero ni el señor Alcalde ni el equipo de gobierno designa a ningún representante de su grupo ni hay ningún nombramiento a dedo para que este portavoz esté en la Junta del Puerto, pues en la medida que el señor Alcalde, representante de este gobierno, va a estar en la Junta del Puerto lo va a estar también un representante del Partido Socialista porque ambas formaciones políticas van a decidirlo en este Pleno democráticamente, mayoritariamente, pues quince votos van a dar ese resultado, es decir, en la medida que el B.N.G. apoya una posición del Partido Socialista éste la apoya también al B.N.G. y no hubo una propuesta del B.N.G. pactada con el grupo socialista, pues no ha hablado con el señor Alcalde para nada, ni ha puesto ningún precio a esta cuestión y el Partido Popular no ha hablado con su grupo de este tema, ni les ha expresado ninguna intención de que querían estar en la Junta del Puerto, pues podían estar de acuerdo o no, en todo caso hubo una Comisión Informativa en donde el Concejal delegado hace una propuesta de dos vocales, no de uno, porque no solamente va el señor Taboada a la Junta del Puerto, el señor Alcalde también va, por lo tanto hay una propuesta de un representante del B.N.G. y un representante del PSOE y al final hay una mayoría que decide eso democráticamente, aunque el Partido Popular podrá discrepar y entiende sus argumentos, pero hay una designación democrática y no digital como parece que se quiere dar a entender en esta cuestión, por lo tanto no tiene nada que agradecer a nadie, no hay concesiones ni proposiciones ni dádivas ni nombramientos a dedo, es puro ejercicio democrático y el que lo quiera entender así que lo entienda y el que no que tergiversar lo que le quiera, porque en todo caso esa es la democracia y el grupo socialista no sabía cuales eran las pretensiones del Partido Popular en esta cuestión; en cuanto a lo que ha mencionado el señor Pedrosa con respecto al gobierno y junta de portavoces no tiene nada que decir.

Novamente intervén o señor Pedrosa Fernández, contestándole al señor Alcalde que Pontevedra Unida nunca estuvo como vocal en la Autoridad Portuaria, estaba don Eladio Portela por la Cámara de Comercio, pero sólo tuvo el Ayuntamiento de Pontevedra un vocal y fue él como Alcalde; en segundo lugar, dice el señor Alcalde que el Partido Popular no tiene que estar representado porque ya está el señor Pichel, pero el señor Pichel está en estos momentos en la Autoridad Portuaria como representante de la Xunta de Galicia, no como Concejal del Ayuntamiento de Pontevedra, por lo tanto no tiene absolutamente nada que ver y, es más, habrá asuntos en que incluso pueda de-

fender una postura distinta como representante de la Xunta que la que tendría que defender como Concejál del Ayuntamiento, por lo tanto no tiene ninguna justificación eso; en cuanto a lo que dice el señor Taboada, no pretende molestarlo, simplemente dice que aquí se utiliza el ordeno y mando cuando interesa y que no es la tónica que se llevó en el resto de los nombramientos para los que se reunieron los tres grupos y si el señor Taboada va a ser designado vocal será porque usted lo pidió, no porque se le ocurrió al señor Alcalde y si se le ocurrió al señor Alcalde no debería habersele ocurrido; también dice el señor Taboada que no han hablado con su grupo, pero a la última reunión de la Junta de Portavoces donde sacó este tema a colación porque antes ya había salido en la prensa que iba a ser designado vocal, no asistió el señor Taboada sino doña Teresa Casal y en esa junta el señor Alcalde más o menos le contestó "eso es lo que tu quieres pero luego será lo que nosotros digamos", por lo tanto si lo planteó el Partido Popular en la Junta de Portavoces, otra cosa es que el señor Taboada no estaba o que no le informaron; en cuanto a que se nombran dos representantes, el señor Alcalde ya estaba nombrado y lleva ya desde que es Alcalde siendo vocal de la Junta de Obras del Puerto y parece totalmente lógico que si hay un solo miembro sea el Alcalde, como lo había sido él con anterioridad; también dice el señor Taboada que aquí no les dan nada y evidentemente no le dan nada al grupo socialista, lo que hacen es que usurpan al Partido Popular un puesto que le correspondía.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Dada conta do escrito recibido da Presidencia de Portos de Galicia solicitando do Concello a proposta de dúas persoas para que ostenten a condición de vocais representantes do concello de Pontevedra no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín-Pontevedra polo período de dous anos en orde a dar cumprimento á alternancia na representación maioritaria cada dous anos.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal, acorda designar ó señor Alcalde, don Miguel Anxo Fernández Lores, e ó Concelleiro don Roberto Taboada Rivadulla vocais representantes do Concello de Pontevedra no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín-Pontevedra polo período de dous anos dando así cumprimento á alternancia na representación maioritaria en dito Consello.

8.- ESTACIONAMIENTO SUBTERRÁNEO DA AVENIDA DE MONTERO RÍOS: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DO ESTACIONAMIENTO E DO ESTUDIO ECONÓMICO

**PARA O SEU FINANCIAMENTO CON INCREMENTO DAS ACTUAIS TARIFAS,
PARA A SÚA EXECUCIÓN POLA EMPRESA CONCESIONARIA.**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación do proxecto técnico para execución de obras de reparación e mellora do estacionamento e do estudio económico para o seu financiamento con incremento das actuais tarifas, para a súa execución pola empresa concesionaria.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que este tema que é o arranxo de aparcamento que hai en Montero Ríos, reparacións, mantemento e melloras, como pode se-la impermeabilización ou favorece-lo acceso de minusválidos, na Comisión de Economía contou cos votos do BNG e tamén pasou o proxecto pola Comisión de Urbanismo que foi aprobado por maioría cos votos do BNG e do Partido socialista; estase a falar dunha inversión que vai face-la empresa nese aparcamento de 194 millóns de pesetas, dos que 56 millóns son para obras de mantemento e reparación e 138 millóns son para obras de mellora das instalacións, iso ten loxicamente unha implicación na revisión das tarifas pero considera que é un motivo de alegría o feito de que veña este asunto a Pleno, que leva rebotado dende o 13 de xullo do 1992 dende que se fixera a novación coa anterior empresa e con intención por parte das dúas anteriores Corporacións de resolve-lo, polo menos iso se manifesta no propio expediente, entón insiste en que é un motivo de alegría o feito que este asunto veña hoxe a Pleno e se arranxe e quede nunhas condicións dignas toda a instalación do aparcamento de Montero Ríos.

Seguidamente intervéñen don Guillermo Meijón Couselo, en representación del grupo municipal del Partido de los Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que cre que hai un acordo básico por parte de tódolos grupos en que o estado actual do aparcamento é lamentable, especialmente no que representa a súa faciana exterior e a partir de aí tamén cre que todos están de acordo en que hai que tomar unha decisión para paliar isto nun espacio relevante dentro da cidade, pero deste acordo xorden as discrepancias en canto a como afrontar estas reformas; o seu grupo xa estivo de acordo no seu día con que se falara coa empresa para presentar un proxecto sobre como eles suscitaban chegar, por un lado, ás reformas de mantemento absolutamente necesarias e que ten que confronta-la empresa e, por outro, tamén con posibles melloras que se podían xerar para que este espacio quedara moito máis estético, loxicamente tendo en conta que moitas destas melloras son a veces de dubidosa separación en canto ás obras de mantemento, ou sexa que se afectan unhas a outras en moitos casos e non é tan fácil deslindalas nalgún punto, de aquí precisamente xurde unha oferta en que está baseado o total de custo en incrementos razoables e progresivos por parte dos usuarios do aparcamento, algo que en principio parece que vai a favor dos intereses das arcas municipais e polo tanto cre que vai tamén a favor dos cidadáns de Pontevedra, especialmente porque se trata dun aparcamento que

en principio ten moitos usuarios alleos á cidade e que na maioría dos casos está destinado a espacios curtos de tempo, pero soamente cuestiona ó equipo de goberno neste tema que se ben con isto trátase de favorecer todo este aparcamento, cre que por parte da cidadanía de Pontevedra se botaría de menos algo que necesita o cidadán que chega a esta cidade, que son os aparcamentos periféricos gratuítos que xa ten solicitado en máis dun Pleno e ve que non se dá a prioridade suficiente a este tema, se tomou en conta o tema relativo a aparcamentos para residente que xa está en marcha, pero parécelle tanto ou máis importe o tema dos aparcamentos periféricos.

A continuación concédese a palabra a don Juan Enrique Magdalena Chan, en representación do grupo municipal do Partido Popular, el cual anuncia su voto en contra, no en base a llevarle la contraria al equipo de goberno, como el B.N.G. hacía cuando eran oposición, y si por la forma casi delictiva en la que presentan el proyecto y su peculiar modus operandi de financiación; decir que de antemano votaría a favor siempre y cuando las obras de reparación las hiciera la empresa concesionaria del aparcamiento bajo la inspección y supervisión de los técnicos municipales y las obras de mejora las proyectaran los técnicos municipales siendo estas, tal y como establece el contrato firmado en el año 1985, por cuenta del Ayuntamiento, así pues se encuentran con un expediente incompleto, donde el propio equipo de goberno se dirige a la empresa concesionaria con fecha 5 de los corrientes en carta firmada por el señor Teniente Alcalde de Gestión de Recursos, don Raimundo González Carballo, donde entre otras cosas dice: "Como consecuencia de lo anteriormente expuesto, resulta indispensable contar con un proyecto técnico redactado por técnico competente que comprenda, debidamente separadas, las obras de reparación y de mejora, especificando su coste de ejecución material y de contrata, con precios descompuestos y asimismo de un estudio económico-financiero que permita, mediante una buena y ordenada administración, la amortización de las inversiones en obras de mejora durante el plazo que resta de la concesión", con esto es tanto la ingenuidad del señor González Carballo que cualquier empresario en estas circunstancias no sólo le agradecería este ingenio personal sino que posiblemente además le nombrara comendador general de todos los aparcamientos de España, para que sus resultados de explotación pudieran ser tan rentables como lo que va a suceder con el aparcamiento de Montero Ríos; sobre el informe del señor Arquitecto municipal de fecha 19 de los corrientes, no se entiende mucho que un proyecto de obra que alcanza casi los 200 millones de pesetas se pueda despachar en un folio y medio, sin aclaraciones de ningún tipo en cuanto a idoneidad de las obras, alternativas, precios que figuran en el proyecto, etc., y más que el informe de un proyecto es un apoyo banal al equipo mencionado anteriormente; con fecha 26 de los corrientes, el pasado miércoles concretamente, el señor Secretario General del Ayuntamiento informa y dice entre otras cosas: "El aparcamiento actual se construyó por la empresa concesionaria y su financiación se hace a tra-

vés de las prestaciones exigibles a los usuarios del mismo mediante la cobranza de unas tarifas en la cuantía establecida en el pliego regulador de la concesión, por lo que los usuarios del aparcamiento no deben soportar cargas más gravosas que las establecidas en el pliego", a su vez añade en otro párrafo: "Teniendo en cuenta las obras de mejora descritas en el proyecto y el informe del señor Arquitecto municipal, parece que todas ellas están directamente vinculadas al estacionamiento, cuestión esta que debiera haberse desarrollado en la memoria del proyecto, en su defecto en el informe técnico del señor Arquitecto municipal, por cuanto no sería correcto repercutir en los usuarios del establecimiento los costos que debiera soportar el Ayuntamiento con cargo a su propio presupuesto por las obras realizadas en bienes municipales de uso público, en el supuesto de que determinadas obras de mejora no estuvieran vinculadas directamente al estacionamiento", estos dos párrafos cree que tienen una meridiana claridad para que cada uno obre en consecuencia; en la misma fecha el señor Interventor general emite informe ratificando y aludiendo al del Secretario general aclarando: "Desprendiéndose de este estudio teórico y estimado de rentabilidad de la inversión de las obras la repercusión de la inversión realizada en el año 2032" y el estudio económico de la concesionaria que mentaban tanto el señor Secretario como el señor Interventor, con entrada en el Registro general del Ayuntamiento con el número 22.750 el día 21 de este mes, en vez de tal estudio parece un estudio psicossomático que va a hipotecar a todos los ciudadanos pontevedreses durante dos generaciones, ya que aquellos que tengan la necesidad de aparcar van a soportar económicamente más importe por hora de aparcamiento progresivo, que va desde las 6,90 pesetas la hora del año 2001 a las 23,08 del año 2005, a las 25,48 del año 2010, a las 28,13 del año 2015, a las 31,06 del año 2020, a las 34,29 del año 2025, a las 37,86 del año 2030 y por fin a las 40,18 del año 2033, es digno de analizar que estas 6,90 pesetas del año 2001 se convierten en las citadas 40,18 pesetas treinta y tres años después; también del estudio presentado se desprende que el aparcamiento solamente se utiliza por sus usuarios el 15,29%, esto representa que durante cada día sólo esta completo 3,34 horas incluyendo por supuesto las plazas de residentes, pero además, y siempre haciendo referencia al porcentaje de ocupación del 15,29%, la misma empresa concesionaria dice que en el año 2001 va a incrementar las horas de ocupación en 4.500, en el 2002 en 9.000, en el 2003 en 13.500 y así sucesivamente adicionando 4.500 horas cada año y llegar al año 2033 con 148.000 horas más de ocupación, vuelve a ser un poco inaudito que para hacer un estudio económico la base se monte con poca ocupación y luego aparezca increciendo de por sí sola, parece todo muy raro, en cualquier caso este dato supondría en el año 2033 el 20,33% de ocupación y representaría que el aparcamiento está ocupado en su plenitud 4,44 horas al día, dato que ya es más asumible, y al final tenía razón el señor Interventor general cuando decía que es un estudio teórico y estimado, el grupo

toma de decisións que debe estar avalada por estudos técnicos que se están a realizar nestes momento e na propia Casa do Concello, por empezar polo máis fundamental como sería a actividade política, non hai espazo, pois os propios Concelleiros da oposición nin os de propio goberno teñen en moitas ocasións espazo e moitos servizos municipais que é de competencia obrigatoria do Concello darllos á cidadanía están en moi malas condicións de espazo e ademais o Concello está a gastar unha suma considerable de cartos en alugamentos de edificios, como é o caso do edificio do Espírito Santo, polo tanto nesta cuestión entende que hai que toma-las decisións con responsabilidade e non impulsivamente; quere deixar claro tamén que esta postura non implica nega-la posibilidade da utilización para actividades xuvenís no futuro deste edificio, pero sempre en función dos estudos que se fagan, de cubri-las necesidades que nestes momentos haxa e como final de todo ese proceso; en todo caso a parte que non acepta de ningunha maneira, e quizá aí podían entrar na razón fundamental desta moción, que é na referencia que facía ó aspecto da política de xuventude deste goberno e cre que nese sentido se se trata de buscar pegas e de mancha-la acción na política de xuventude deste goberno pois empecen por aí, igual que noutras ocasións ten acontecido neste Pleno con referencia ó partido socialista en diferentes ocasións, como cando se fixo quizá a mellor peonalización que se ten feito en Galicia que tamén se puxeron pegas, etc., entón iso non o pode aceptar de ningunha maneira, son absolutamente claros os programas e as actividades, non só polo éxito que tiveron senón mesmo porque foron referente de actividades xuvenís que tiveron a nivel de toda Galicia, porque fixeron un esforzo importantísimo na consolidación da oficina de información xuvenil, tanto no persoal como en dotala de espazo, porque teñen un plan de asociacionismo que está a desenvolver e consolida-lo asociacionismo xuvenil en Pontevedra, porque teñen un montón de actividades lúdicas nestes momentos para xente nova e porque ademais as diferentes áreas do goberno, as actividades culturais, as actividades relacionadas coa promoción de emprego, etc., teñen en tódolos casos sempre á xuventude como un referente e estase a te-la xuventude en conta dende tódalas áreas e os ámbitos do goberno municipal, polo tanto non é, desde o seu punto de vista, aceptable ningún tipo de crítica nese sentido, pois fíxose un esforzo importantísimo triplicando practicamente o orzamento de xuventude e a ese respecto tamén hai que dicir que hai uns meses o PSOE non tiña unha posición tan clara, pois unha das emendas na que practicamente se reducía á metade o orzamento era no apartado de actividades para a xuventude e que en todo caso alégrase de que cambiaran a súa postura posteriormente, pero non é aceptable neses termos a moción e o sería en todo caso no sentido de instar á Xunta de Galicia a construír conxuntamente coa colaboración, que sabe que a ten, do Concello unha nova Casa da Xuventude para Pontevedra.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, dicindo que

va a procurar ser mucho más claro y conciso que el señor Fontán, el Partido Popular votó en contra de esta moción en la Comisión y lo va a volver a hacer aquí, porque entiende que no es el momento de tomar esta decisión de que la Casa de la Juventud vaya en las antiguas instalaciones de la Policía Local, su grupo presentó una moción hace unos meses, que fue aprobada por unanimidad en este Pleno, para que se adecue el local de la calle Hermanos Nodales que pasa a ser municipal y que entiende que puede ser algo más que una Oficina de información juvenil ya que tiene superficie suficiente, está el proyecto redactado hace más de un año totalmente de acuerdo con los jóvenes, por lo tanto eso es algo más y puede ser un buen primer paso; entiende también que no es el momento procesal porque faltan todas esas negociaciones con la Xunta de Galicia, que cree que tiene que dar un apoyo importante a la Casa de la Juventud y una vez que se sepa exactamente hasta donde está dispuesta a llegar la Xunta y hasta donde está dispuesto a llegar el Ayuntamiento será el momento de decidir si se sitúa allí o no, si cede el Ayuntamiento otro local, si se recupera otro edificio, en fin, cual sería el sitio o el tamaño necesario, etc., por tanto estando de acuerdo con lo que pueda representar esta moción y con esa reivindicación de los jóvenes de que se llegue a tener en Pontevedra esa casa de la juventud, cree que no es el momento y quiere decirle al Partido Socialista que están totalmente abiertos a tratar el tema y a reunirse las veces que haga falta, incluso a acompañar a quien haga falta a hablar con el Delegado correspondiente de la Xunta de Galicia, y a tomar la mejor decisión, pero utilizando ese dicho "vete despacio que tengo prisa", por tanto le pediría al Partido Socialista que se hagan bien las cosas, hállese antes con la Xunta de Galicia, sépase a donde van a llegar, sépase cuales son las necesidades que tienen exactamente los jóvenes y después de ese paso y probablemente lo darán totalmente de acuerdo todos los grupos.

De nuevo intervén a señora Ozámiz Lestón, diciéndole en primer lugar al señor Fontán que efectivamente ha funcionado bien el programa Noites abertas, pero no quizás gracias a su gestión sino a que las asociaciones juveniles que las han llevado a cabo han hecho un gran esfuerzo a pesar de que se les ha pagado tarde, mal y arrastro; en cuanto al ataque al señor Fontán, sabe que siempre le ha apoyado muy lealmente e incluso lo ha felicitado cuando se lo ha merecido, no en esta ocasión, quizá porque no habla él, habla otra persona que todos saben quien es y esto que ha hecho ahora ha sido una deslealtad, porque esta moción se presentó el 20 de junio y se retrasó su discusión a petición del grupo de gobierno, no a petición del grupo socialista que la hubiera llevado ya entonces a discusión y si se esperó fue a petición del grupo de gobierno y mientras tanto se dedicaron a hacer cosas por detrás para desvirtuar la moción; por otra parte cree que no han leído la moción, porque están diciendo, por ejemplo, lo de las salas de ensayo y maquetación y si leen el punto cuarto dice exactamente "que en los estudios de remodelación se tenga en cuenta la

posibilidad", no se pide que sea ahí la sala de ensayo y maquetación, sino que a ser posible y si técnicamente se puede se haga ahí, o sea no la han leído porque si no se darían cuenta de que lo pone así clarísimamente; después dice que lo que hay que hacer es el convenio con la Xunta y el grupo socialista no se niega a ningún convenio con la Xunta, lo que quiere es una Casa de la Juventud municipal y le da igual que sea mediante convenios con la Xunta, con las Comunidades Europeas, con la Diputación o con la Caja de Ahorros, pero llevan un año intentando conseguir esa colaboración y no la ha conseguido, a lo mejor lo que está mal es su gestión para conseguir esos fondos, el grupo socialista no dice de donde tienen que venir los fondos, pero debe gestionarlo el grupo de gobierno, lo que se pide es la Casa de la Juventud municipal y si la Xunta de Galicia quiere hacer además otra y se convenian las dos y trabajan las dos juntas le parece muy bien, pero el que decide como va a funcionar la Casa de la Juventud municipal es el gobierno municipal, no la Xunta, no quieren una Casa da Xuventude de la Xunta para que ocurra lo que está pasando ahora, que cierran y abren cuando quieren, por tanto que sea el municipio el responsable y eso sucede si es municipal, el Pazo da Cultura lo pago la Xunta de Galicia pero es municipal y eso es lo que quieren, que la Casa de la Juventud sea también municipal y que lo pague quien sea.

Vuelve a intervi-lo señor Fontán Bouzas dicindo que esa postura do grupo socialista non é tan clara noutros sitios nos que tiveron o goberno en maioría absoluta ou simple e había Casas da Xuventude autonómicas que seguen sendo e que se mantiveron como autonómicas durante os seus mandatos, en todo caso é unha postura concreta e que, como está claro, ven en función do que ven, pero en todo caso o grupo de goberno ten moi claro cal é a súa posición ó respecto das asociacións e tódalas labores que fan e non necesita volver a reiteralo aquí porque o reitera tódolos días no traballo que fai e polo tanto é unha cuestión fundamental para eles que tódolos días defenden, na que non necesitan reafirmarse de ningunha maneira; volvendo á cuestión concreta, non é o momento porque se hipoteca unha decisión que non se sabe se se pode realmente tomar en función das necesidades que o Concello ten e en todo caso iso non condiciona que non se poida dedicar nun futuro a casa da praza da Verdura para actividades xuvenís e sociais en función da finalización dos estudio e da necesidade de reubicación de servicios municipais e de dotación de espacios no Concello.

Por alusións volve a interve-la señora Ozámiz Lestón, dicindo que el señor Fontán indica que el Partido Socialista no ha mantenido Casas de Juventud y ella puso como ejemplo Barcelona, que la creó el Partido Socialista porque no la había y aquí tampoco la hay, si después la Xunta de Galicia quiere crearla le parecerá muy bien, pero lo prioritario es que tiene que haber una Casa de la Juventud y tiene que ser municipal y después se harán las asignaciones de espacios.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co

voto favorable de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de dezanove Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda rexeita-la anterior moción.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO DENOMINACIÓNS E SINALIZACIÓNS NO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO.

Dáse conta de moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, do seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A condición de Pontevedra como cidade vencellada ó mundo xacobeo a través do Camiño Portugués é indiscutible, sendo moitas as causas que a orixinaron.

As pedras milenarias recollidas, por decisión do Arcebispo Malvar no século XVIII do vello Camiño Real de Ponte Sampaio a Ponte Valga son fitos que amosan o paso por Pontevedra cara a Iria e o interior do convento lugués das principais vías romanas arrimadas á costa que, converxendo na de Vigo, ascendían desde Braccara Augusta, o antigo e permanente Camiño Portugués.

A singularidade desta cidade como mansión itineraria, a vila de peregrinación e de hospitalaria acollida evócase na copra que a describe: Pontevedra é boa vila...

A praza da Ferrería, a está no ángulo suroriental da muralla, e a ela accedíase pola chamada Porta de Trabancas o da Villa, que enlazaba directamente co camiño vello o Camiño Xacobeo Portugués.

Ás fontes ás que se refire a copla atopábanse estratexicamente situadas respecto ó camiño. A primeira na actual Ferrería e a segunda ante o desaparecido templo románico de San construída.

O Camiño seguía ás pegadas da vía XIX, vía romana construída no século I a.C. por Augusto, cuio trazado atópase hoxe baixo a rúa dos Soportais, praza de Curros Enríquez, rúa Real, praza de García de la Riega e rúa da Ponte, para enfilear definitivamente a vella ponte de O Burgo.

Este trazado ven confirmado polas escavacións realizadas na zona: restos constructivos no solar número 20 da rúa Michelena, o antigo alfolí da praza do Muelle, diversos restos de cerámicas recollidos en todos estes puntos e na praza de Murgartegui, Barón e patio interior do complexo de San Bartolomeu e recentemente nas escavacións da praza de Curros Enríquez.

O Camiño hoxe en día foi revitalizado e promocionado por asociacións de peregrinos, en especial pola Asociación de Amigos do Camiño Portugués a Santiago con sede na nosa cidade, ata conquistar que Pontevedra fose considerada como cidade do Camiño e Capital do Camiño Portugués a Santiago.

Por outra banda no derradeiro Ano Santo foron 13.000 os peregrinos que pasaron pola nosa cidade e neste ano que andamos xa pasaron máis de 2.000, segundo fontes do Albergue de

peregrinos.

Con estes fitos consideramos que dende o Concello débelle dar un apoio institucional ó Camiño Portugués e que vaia quedando pouco a pouco incorporado como algo vivo na nosa cidade e dado que a única porta que hoxe podería catalogarse como tal é a antiga porta de Trabancas, entrada do Camiño na Zona Monumental, o Partido Popular eleva ó Pleno da Corporación para a súa aprobación o seguinte acordo:

1º.- Que se denomine a antiga porta de Trabancas como Porta do Camiño.

2º.- Que se sinalice todo o Camiño Portugués ó seu paso pola Zona Monumental de Pontevedra, aproveitando as obras que se están a facer na devandita Zona.

3º.- Que se sinalen do mesmo xeito aqueles lugares de relevancia que existen ou existiron ó longo do Camiño na Zona Monumental.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Celestino Lores Ruibal, en representación do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que quere agradece-lo apoio dos grupo á moción e sinalar que a denominación de Porta do Camiño e posterior sinalización singular do Camiño Portugués na zona monumental fai un vencellamento institucional do Concello ó camiño portugués e ademais é a primeira vez que unha cidade ou vila fai unha especificación e por tanto un nomeamento do camiño no camiño portugués, este fito colabora aínda máis a que esa capitalidade de Pontevedra como capital do Camiño Portugués aporte aínda máis titularidade.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, dicindo que va a votar a favor de esta moción porque a considera verdadeiramente justificada.

Seguidamente intervén don Xosé Luis Bará Torres, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que o grupo de goberno é consciente da importancia histórica que ten o camiño portugués como foco de dinamización social e de atracción de visitantes a Pontevedra e nese sentido nas obras que se están a realizar na zona monumental e concretamente por onde discorre o camiño estaba xa previsto no proxecto a sinalización horizontal no pavimento e na entrada da Porta de Trabancas referente ó camiño portugués, polo tanto xa estaba contemplado neste proxecto e agora engádese o que considera unha contribución positiva do Partido Popular de sinalizar a porta do camiño coa denominación da antiga Porta de Trabancas e tamén outros monumentos e elementos de interese histórico que estean neste trazado, polo tanto parécelle positiva a moción e votará a favor.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda:

Primeiro.- Instalar unha placa na zona onde se atopaba a antiga porta de Trabancas, coa seguinte lenda: "Porta do Camiño, antiga Porta de Trabancas".

Segundo.- Que se sinalice todo o Camiño Portugués ó seu

paso pola Zona Monumental de Pontevedra, aproveitando as obras que se están a facer na devandita Zona.

Terceiro.- Que se sinalen do mesmo xeito aqueles lugares de relevancia que existen ou existiron ó longo do Camiño na Zona Monumental.

11.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:

A) TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DURANTE O MES DE XUÑO DE 2000).

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) durante o mes de xuño de 2000.

B) TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBATORIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 1999.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da resolución dictada pola Alcaldía con data 27 de xuño de 2000, do teor literal seguinte:

Vista la liquidación del Presupuesto Ordinario de este Ayuntamiento, correspondiente al pasado ejercicio de 1999, redactada por el Sr. Interventor General, y visto igualmente el informe que formula sobre la misma.

Esta Alcaldía-Presidencia, en uso de las facultades que le otorgan los artículos 172,3 de la Ley 39/1988 y 90,1 del Real Decreto 500/1990, adopta la siguiente

RESOLUCIÓN

PRIMERO.- Aprobar la liquidación del Presupuesto Ordinario de 1999, en la forma que aparece redactada.

SEGUNDO.- En cumplimiento de lo establecido en el art. 103 del Real Decreto 500/1990, deducir del Remanente de Tesorería los derechos pendientes de cobro que se consideran de difícil o imposible recaudación, por importe de 1.861.937.564 pesetas.

TERCERO.- Aprobar el estado de Remanente de Tesorería que ofrece los siguientes resultados:

| | |
|---|---------------|
| 1 (+) Deudores pendientes de cobro en fin de ejercicio..... | 2.531.684.671 |
| De Presupuesto de Ingresos corriente | 1.683.005.959 |
| De Presupuesto de Ingresos Ptos. cerrados | 2.626.420.997 |
| De otras operaciones No -- Presupuestarias | 112.228.726 |
| Menos=Saldos de dudoso cobro | 1.861.937.564 |
| Menos=Ingresos realizados pendientes de aplicación | 28.033.447 |
| 2 (-) Acreedores pendientes de pago en fin de ejercicio | 1.887.303.597 |
| De Presupuesto de Gastos corriente | 1.175.532.032 |
| De Presupuesto de Gastos Ptos.cerrados | 295.775.352 |
| De Presupuesto de Ingresos | 1.013.701 |

| | |
|---|----------------------|
| De otras operaciones no -- presupuestarias | 414.982.512 |
| 3 (+) Fondos líquidos en la Tesorería en fin de ejercicio | 1.252.870.532 |
| 4 (-) Remanente de Tesorería afectado a gastos con financiación afectada | 122.963.644 |
| 5 REMANENTE DE TESORERIA para gastos gene- rales (1-2+3)/(4+5) | 1.774.287.962 |
| <u>REMANENTE DE TESORERIA TOTAL (1-2+3)/(4+5) ..</u> | <u>1.897.251.606</u> |

CUARTO.- De conformidad con lo previsto en los artículos 163 de la Ley 39/1988 y 99 del Real Decreto 500/1990, incorporar a las consignaciones del Presupuesto de Gastos de 2000, los remanentes de crédito que, por importe total de 3.956.508.333 pesetas, se detallan individualmente en las relaciones que se adjuntan a esta Resolución, con las financiación que también se reflejan, y cuyo resumen es el siguiente:

| | |
|---|----------------------|
| REMANENTES A INCORPORAR | |
| De gastos autorizados y dispuestos (Fase AD) | 2.023.207.973 |
| De gastos autorizados (Fase A) | 16.992.652 |
| De retenciones de crédito destinados a gastos en trámite (Fase RC) | 401.321.706 |
| De sobrantes de consignaciones (ECONOMÍAS) .. | <u>1.514.986.002</u> |
| <u>TOTAL REMANENTES A INCORPORAR</u> | <u>3.956.508.333</u> |
| - Operación de préstamo con C.A.P. 1482 | 420.879.616 |
| - Operación de préstamo con Banco Santander 522.480 | 646.607.844 |
| - Remanente de Tesorería a 31-12-99 | |
| R.L.T. | 1.682.951.889 |
| R.T.G.F.A. | 122.963.644 |
| | 1.805.915.533 |
| - Subvenciones: | |
| Xunta | 53.157.163 |
| Diputación | 37.914.627 |
| | 91.071.790 |
| - POMAL | 168.443.896 |
| - INTERREG | 158.314.823 |
| - URBAN | 654.449.366 |
| - OTROS | <u>10.825.465</u> |
| <u>TOTAL FINANCIACIÓN REMANENTES</u> | <u>3.956.508.333</u> |

QUINTO.- Determinar que el R.L.T. total se cifra en la cantidad de 91.336.073 pesetas.

C) MOCIÓN URGENTES.

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR SOBRE A SITUACIÓN DO ASENTAMENTO EXISTENTE NO LUGAR DE BRAVO, PARROQUIA DE SAN VICENTE DE CERPONZÓNS.

Previa declaración de urgencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo grupo municipal do Partido Popular relativa o asentamento existente no lugar de Bravo, parroquia de San Vicente de Cerponzóns, que di:

"Que no lugar de Bravo, na parroquia de Cerponzóns, existe na actualidade un asentamento poboado por familias ó parecer procedentes de distintos lugares de Galicia.

Que no último ano, a poboación do mencionado asentamento está medrando de forma notoria.

Que se están a producir unha serie de incidentes que preocupan fundamentalmente ós veciños das parroquias de Lérez, Cerponzóns e Verducido lindeiros co citado poboado, os cales demandan por parte deste Concello a súa urxente solución, co fin de impedir que se produzan danos irreparables.

Que entre outros incidentes, os veciños e as súas asociacións representativas, denuncian violencia verbal e física, faltas contra a seguridade vial e posible "trapicheo de droga".

Que é obriga do goberno municipal velar pola legalidade vixente e garantir, na medida en lle toca, a seguridade dos seus veciños.

Que non se pode permitir que o xa mencionado poboamento se converta como temen nos veciños noutro "Bao", polo que debe o Concello poñer coto ás irregularidades existente e ó descontrol no que se atopa o citada asentamento.

Que o Partido Popular faise partícipe da preocupación veciña e, en consecuencia, solicita do Pleno da Corporación a aprobación da seguinte:

MOCIÓN:

1º.- O pleno insta ó Alcalde a que se verifique a situación urbanística na que se atopan as vivendas e chabolas do asentamento de Bravo (Cerponzóns). No caso de ilegalidade ou carencia de licencia, que se decrete o seu derribo.

2º.- Que se orden á Policía Local a inspección dos vehículos propiedade dos moradores do poboado, e a súa documentación (seguros, ITV, etc.). No caso de irregularidade, que se decrete a súa inmovilización.

3º.- Que por parte dos Servicios Sociais deste Concello se inspeccionen as condicións hixiénico-sanitarias do xa mentado asentamento (vertidos, fosas sépticas, etc.). No caso de carecer das mínimas condicións que se decrete a súa insalubridade.

4º.- Que por parte da Alcaldía, se notifique á Subdelegación do Goberno, a sospeita dos veciños e das asociacións veciñais da existencia no citado asentamento de sustancias estupefacientes, e da posible venda das mesmas."

Aberto o debate, intervéñen don Roberto Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que en principio está muy de acordo con el fondo de esta moción, pero les ofrece dudas la forma, pues les hubiese gustado que en lugar de venir de urgencia hubiese podido tratarse en Comisión, porque es compleja, pues por ejemplo cuando se dice que hay que hacer una inspección de los vehículos de propiedad de los moradores por parte de la Policía Local, entiende que eso habrá que hacerlo con muchos ciudadanos que tienen coches, cuando se habla de inspecciones hixiénico-sanitarias son los servicios hixiénico-sanitarios de la Xunta quienes a lo mejor tendrían que hacer ese tipo de inspección, pues los Servicios Sociales, como dicen en la moción, lo que tendrían que hacer aquí es una inspección de tipo social, no una inspección de tipo sanitario y cuando hablan de

la Subdelegación del Gobierno eso se puede solucionar con una llamada telefónica, pero están de acuerdo en lo que plantean, porque además genera cierta alarma social esta cuestión, es meter la sospecha como fundamento de una acción gubernamental o meter la sospecha como un fundamento para una acción judicial o una acción policial y en todo caso el grupo socialista podría dar una idea de una transacción, si la Corporación lo estima oportuno, que podría ser incluso una pregunta al gobierno con un compromiso, pero si quieren una propuesta de resolución más genérica sería que por los servicios municipales correspondientes se verifique e informe de la situación social y legal de ese asentamiento, porque una vez tenida la información habrá que actuar, lo que no se puede es actuar sin tener la información previa y a lo mejor tiene que actuar el gobierno central, la Xunta de Galicia con servicios higiénico-sanitarios e inspección y el Ayuntamiento, pero les parecería lógico que antes de elevar una sospecha como fundamento de una acción se tenga la información, sino puede haber cuestiones que se escapen e incluso actuaciones que puedan ser en el futuro erróneas, eso es lo que plantea y si se vota tal como la plantea el grupo popular se abstendría.

A continuación interviene don Raimundo González Carballo, en representación del grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, diciendo que, como acaba de decir don Roberto Taboada, sería moitísimo mellor que houbera un estudio previo, aínda que evidentemente xa o hai, pero do aspecto social, nenos escolarizados, actividades delictuosas, etc., feito polos Servizos Sociais que se lle pasou á Subdelegación de Goberno e á Policía Nacional, independentemente de que en todo caso tería que ser completado cos outros aspectos, de todas maneiras a propia moción sobre todo nos puntos dous, tres e catro ten unha serie de problemas graves de concepción e incluso de legalidade, pois a Policía local ten competencias dentro do casco urbano, en todo caso sería demandalo da Garda civil de tráfico ou de quen corresponda coa colaboración oportuna da Policía Local, pois ten un ámbito competencial determinado e non pode pasar del; ó mesmo tempo a cuestión que se fixa na moción en Servizos Sociais, estes non van mirar vertidos, fosas sépticas, etc., a súa competencia sería se os nenos están ou non escolarizados, que xente hai con risco, que problemas sociais en concreto hai e ademais non só se deben dirixir á Subdelegación do Goberno, senón que hai outras entidades da Administración Central ou da Administración Autonómica, pero á Subdelegación do Goberno non só pola sospeita de que hai trapicheo, pois pode haber outro tipo de actividades delictuosas, pode haber problemas de orde público, etc., e iso é competencia estricta da Subdelegación do Goberno, entón quere dicir que para aprobala, pois evidentemente hai unha preocupación por parte dos grupos, habería que modificar nesas liñas, por exemplo onde se cita á Policía Local tamén haberá que citar á Garda Civil de Tráfico ou a quen corresponda, na cuestión do tema dos Servizos Sociais ese estudio haino feito, en todo caso sería actualizado e o tema da última parte non só dirixirse á Subdele-

gación do Goberno senón ás administracións que corresponda para todo tipo de cuestións, pois é unha preocupación non só da Corporación senón sobre todo dos veciños de Castelo e de Cerponzóns que o teñen ó lado, entón, se se adapta, pola súa parte non hai ningún problema en que se aprobe.

Aséntase da sesión dona María Joséfa Manzanares Perela.

Intervén seguidamente don José Manuel Fernández Rodríguez, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que de ningunha maneira quería con este tema dicir que é oportunismo político, pois a urxencia veulle dada porque onte á noite estiveron na súa casa veciños do lugar de Casaldorado que son lindeiro, por iso preparou a moción esta mañá e entón está totalmente aberto, tal como comentaban o señor Taboada e o señor González Carballo, a que se modifique porque é consciente de que a présa non lle dou posibilidades de artellalo mellor e entende que hai erros na propia moción, por tanto asume perfectamente a modificación.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que considera que las apreciaciones que ha hecho don Raimundo González están perfectamente, por tanto pueden recogerse y eso es lo que se aprueba.

De nuevo intervén o señor Taboada Rivadulla, dicindo que no se ha hablado nada de oportunismo político y no le cabe la menor duda de que es una inquietud social que está ahí latente y en todo caso no pretende hacer bandera de ningún tipo de oportunismo, les consta la seriedad de la propuesta y si los autores de la moción están conformes en cuanto al planteamiento que se ha hecho, por su parte no hay ningún problema.

Terminado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba-la moción presentada coa redacción consensuada polos tres grupos políticos municipais e, en consecuencia, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos Servicios Técnicos municipais se verifique a situación urbanística na que se atopan as vivendas e chabolas do asentamento de Bravo (Cerponzóns) e de se-lo caso por existir algunha situación ilegal se propoña a incoación do correspondente procedemento para a restauración da legalidade urbanística.

SEGUNDO.- Solicitar da Consellería de Sanidade que se realice unha inspección das condicións hixiénico-sanitarias do devandito asentamento (vertidos, fosas sépticas, etc.), adoptándose, no seu caso, as medidas procedentes pola Administración competente.

TERCEIRO.- Solicitar da Subdelegación do Goberno en Pontevedra que se reforcen as medidas de vixilancia policial para garanti-la orde pública na zona e se comprobe a situación dos vehículos que circulan polo devandito lugar (seguros, ITV, etc.).

D) PREGUNTAS.

1) PREGUNTA DE DON ROBERTO TABOADA RIVADULLA, PORTAVOZ DO

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, RELATIVA Ó PROGRAMA DAS FESTAS.

Manifiesta que, en cuanto al programa de fiestas, quiere felicitar al señor Bará porque ha batido usted un récord, pues ha presentado un programa históricamente más tarde que ningún otro en este Ayuntamiento, una vez pasadas las fiestas de Santiaguíño, es decir que la mitad de las fiestas de este programa ya se habían celebrado, programa que está muy bien diseñado y en el que está muy bien el cartel y la tipografía, pero a su juicio tiene varias cuestiones que habría que preguntar, porque aparece un segundo cartel y no sabe por que hay dos carteles de las fiestas de la Peregrina, está el cartel del señor Moldes, que le parece un buen cartel y después hay otro que es el de las Festas de Verán, que curiosamente está hecho por la empresa Torne Asociados, esa empresa que, según el señor Mosquera, trabaja habitualmente para la Diputación; además quería saber como aparecen en el programa de fiestas una serie de cuestiones, por ejemplo el tema de los toros aparece en un apartado específico que pone espectáculos taurinos y después hay otro apartado para programas deportivos, pero curiosamente estos programas deportivos también se insertan en el día a día del programa de las fiestas de la Peregrina y sin embargo los espectáculos taurinos no vienen.

Toma a palabra o señor Alcalde para pedirle ó señor Taboada que concrete a pregunta.

Continúa no uso da palabra o señor Taboada Rivadulla, diciendo que si al señor Alcalde le molesta lo que está diciendo se callo, pero cree que tiene que hacer un alarde de pluralidad en esta cuestión y permitirle seguir hablando; en todo caso el día del pregón no aparece otro tema y quiero preguntarlo, pues hay una tradición que no es religiosa, es tan laica como la de ir a buscar a los santos el día de Corpus, que es acompañar la carroza vacía, que es una tradición de 200 años, desde el Ayuntamiento a la Peregrina y parece ser que eso no viene en el programa de fiestas y además coincide a la misma hora, probablemente a las doce, del pregón y después de la recepción municipal, por tanto quiere preguntar por que hay dos carteles de fiestas, el oficial y el extraoficial que está por ahí repartido, por que el tema de los toros no viene en el día a día como vienen otras cuestiones como los deportes, por que en el caso del traslado de la carroza no se hace mención a ello, por no hablar del tema de las reinas de las fiestas, pero supone que el señor Bará, que sabe que le iba a hacer esta pregunta y ya tendrá más o menos preparada la contestación.

Se ausenta da sesión don Francisco Arturo Pichel Márquez.

Contéstalle don Xosé Luis Bará Torres, na súa calidade de Tenente de Alcalde delegado de Cultura e Festas, dicíndolle que parece ser que o señor Taboada pasou un mes de xullo de vacacións e non debía ter moito que facer e entón ocorrúeselle traer ó Pleno este tema, parece que cunha intención moi clara, como ven sendo habitual, de intentar emturbar unha programa-

ción cultural e festiva que cre que está sendo exitosa e brillante e desvia-la atención cara a un asunto que considera anecdótico, pero responderalle brevemente; en canto ó cartel, efectivamente hai dous e a razón é moi sinxela, hai un cartel que é o das festas da Peregrina, que foi concibido con esa finalidade e hai outro cartel que é o da programación das festas de de dous meses de verán; en canto ó contido do programa, evidentemente é un programa moi denso, con moitísimos contidos e non pode aparecer todo, consideraron que por claridade era conveniente ó final introducir unha serie de apartados de programas específicos, deportivos e taurinos, e no caso dalgúns espectáculos deportivos, que aparecen dentro da programación da semana grande das festas, a razón de que aparezan aí é moi sinxela, que son actos organizados polo propio Concello ou financiados na súa totalidade polo Concello e polo tanto son distintos a outros organizados por outras entidades, por esa razón aparecen no programa, se aparecesen tódolos actos deportivos incrustados no programa crearíase moita confusión e pareceulles máis adecuado introduci-lo ó final e, con respecto á última cuestión do traslado da carroza, non aparece aí porque seguiron para a súa redacción o programa doutros anos e non aparecía tampouco, esa é a razón, non hai ningunha máis, porque hai outras actividades sociais, relixiosas, etc., que si aparecen recollidas no programa como outros anos, por tanto non hai ningunha razón para xustificar que non apareza, simplemente non é un acto organizado polo Concello, hai outros moitos que non organiza o Concello que aparecen recollidos, nese caso pasouse por alto, pero non hai ningunha motivación para non apareza no programa.

De novo intervén o señor Taboada Rivadulla, diciendo que cuando se le hace una crítica al B.N.G., como ya lo hizo el señor Fontán en su intervención, parece que todos quieren empañar la brillante labor que hace y es un recurso retórico que está bien, pero a base de reiterarlo insistentemente una y otra vez en todos los Plenos ya es manido y cree que deben buscar otro recurso más novedoso, porque cuando al equipo de gobierno se le critica empañan al poder y eso ya es de otra época, hay la crítica y la discrepancia y hay la forma de ver las cosas distintas y cuando el grupo socialista dice que hay una serie de cuestiones que las ven de esta forma y el grupo de gobierno las ve de otra no intentan empañarles nada, pero la realidad es la que es, este es un programa que el señor Bará dice que está muy lleno de contenido y ha sido un programa de fiestas de lo más descafeinado que ha visto, ni siquiera han puesto fotografías de Pontevedra en el programa y los visitantes que se llevan el programa fuera por lo menos podrían ver paisajes de la ciudad y fotografías de Pontevedra y por lo menos el programa ya tendría alguna utilidad, además no hay en otros programas la supresión del tema de la carroza, porque aunque no conoce los programas por ejemplo de la época del señor Pedrosa, le puede decir que en los programas de la época del señor Rivas y del señor Cobián no sólo venía eso sino incluso venía la relación de la Corporación y aquí viene sola-

mente el culto al líder, que es el señor Fernández Lores, con la lenteja correspondiente, que por cierto a ver cuando se reúne esa Comisión para estudiar el escudo y cuando deciden algunas cosas que toman con mucha lentitud para saber al final que placa se va a poner en el Ayuntamiento.

Volve a intervi-lo señor Bará Torres, dicindo que para o ano que ven consultaralle ó señor Taboada tódolos sistemas estéticos de fotografías e de imaxes porque cre que é un gran coñecedor do tema, de todas maneiras non leu o programa do ano pasado, porque non aparece o traslado da carroza, pero no da Corporación do 91-95 nin na do 95-97 non aparece, e no modelo 2000 aparece unha visión integral da cidade de Pontevedra a través da visión dun pintor e sobran fotografías cando se pode recrear Pontevedra dunha forma tan fermosa.

2) PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JOSE MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, SOBRE SILENCIO DE SUCEOS DA POLICIA LOCAL.

Manifesta que lle quería facer unha pregunta ó señor González Carballo sen acritude, é unha cuestión de preocupación, pois na Voz de Galicia de hai unha semana aproximadamente en toda a páxina local de Pontevedra viña como encabezado "O B.N.G. ordena á Policía Local silencia-los sucesos da cidade", e di: "O BNG a través de su Concejal don Raimundo González Carballo ha dado orden a la Policía Local, tal como reconoció el propio edil de tráfico y seguridad ciudadana, de que informe de que todo está bien", e preocúpalle porque cre que un corpo como a Policía Local ten outras obrigas que é a de servir ó cidadán e que se transforme, se é certa esta noticia, nun corpo ó servicio do grupo que goberna lle parece grave, entón a pregunta é a seguinte ¿desminte o señor Raimundo González Carballo a noticia que publica a Voz de Galicia? porque estivo esperando a ver se saía algún desmentido e non saíu.

Contéstalle don Raimundo González Carballo, dicindo que agradece a pregunta e, tamén sen acritude, pódelle dicir que o día que tomaron posesión ou no día seguinte a desgracia que houbo foi que aparecera un cadáver no río Gafos á altura de Campolongo, e entón lle preguntaron os periodistas se lle ía da-la información sobre os detalles técnicos ou non e eu lle dixo que para os detalles técnicos de todas estas actuacións, de bombeiros ou de policía, chamaran directamente alí, por tanto a súa primeira actuación foi que se lle dera sempre información, evidentemente se quere máis detalles pode falar con compañeiros seus que ocuparon esa responsabilidade con anterioridade, pois resulta que unha vez que se fai a actuación o parte se mete no caixón para o día seguinte, entón a tanda seguinte non ten acceso a el, no suposto de bombeiros é moi fácil da-la información porque é unha ou dúas actuacións e a tanda é de 24 horas, pero no suposto da Policía que ten 20 ou 30 actuacións ó mellor a veces chama un medio e din que non teñen constancia de nada, pero evidentemente co primeiro que lle contestou cre que é suficiente, non hai vulneración ningunha da liberdade de expresión nin desde logo se lle prohibiu en ningún momento que informaran, porque de feito está a apa-

recer tódolos días información sobre temas da Policía e entende que non ten necesidade de desmentir nada porque no seu día dixo iso e non houbo ningún cambio.

E) ROGOS.

ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DON GUILLERMO MEIJÓN COUSELO, SOBRE O ORGANIGRAMA MUNICIPAL

Manifesta que quixera trasladarlle ó señor Alcalde un rogo que lle acaban de facer pola rúa e é que tivera a ben no organigrama do Concello colocar como segundo do señor Mosquera Lorenzo ó señor Vázquez Plaza, xa que como aquel está dicindo que necesita un augur experto en lectura de despoxos animais para poder entender o que lle di a Consellería con respecto ó artigo 11-1-b) das respectivas Unidades de Actuación, pois seguramente a experiencia do señor Vázquez Plaza como encargado do Matadoiro serviríalle de gran axuda ó señor Mosquera.

Contéstalle o señor Alcalde que non lle pode garantir que lle vaia atender ese rogo, que á parte é unha competencia directa da Alcaldía e como gracia pode ter algún sentido.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás trece horas e vinte minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e praxe.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.